

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 27 de marzo de 2026

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 27 de marzo do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime*, *Roberto José Álvarez Carrero*, *Juan Pablo Castillo Amigo*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, nin o deputado *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e *Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36292.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 20 de marzo de 2026.

2.36293.- APROBACIÓN DE ACTUACIONES AUTORIZADAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PROGRAMA “+MÚSICA” 2026” (EXPT. 2026001124)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión que tivo lugar o 6 de febreiro de 2026, aprobou as bases reguladoras do programa “+Música” para o ano 2026, de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra, que se publicaron no BOPPO núm. 27 de 10 de febreiro de 2026.

Poden beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes. Segundo.- Tal como figura na base sexta da convocatoria, os concellos destinatarios poden solicitar a autorización dun máximo de tres actuacións a desenvolverse entre o 15 de abril e o 31 de decembro de 2026. As actuacións serán cofinanciadas entre a Deputación e os concellos do seguinte xeito:



- A Deputación de Pontevedra aboará o 100% do caché do espectáculo do grupo ou artista, previa tramitación do expediente de contratación correspondente
- O concello aboará a produción da actuación (equipos de son, luz, escenario e demais medios necesarios para o seu desenvolvemento).

Terceiro.- Segundo se establece nas bases, os concellos interesados deberán presentar unha única solicitude na que elixirán entre dúas opcións:

Opción 1: Unha soa actuación, se o grupo ou artista elixido como primeira opción ten un caché superior a doce mil euros (12.000 €). Neste caso, o concello solicitante deberá seleccionar como segunda opción un grupo ou artista con caché inferior a doce mil euros (12.000 €).

Opción 2: Ata un máximo de tres actuacións, sempre que a suma dos cachés dos grupos ou artistas elixidos non superen o importe de doce mil euros (12.000 €).

Os concellos na solicitude indicaran a súa orde de preferencia e tamén indicarán a data ou datas previamente acordadas co grupo ou grupos que solicitan e xunto coa solicitude achegarán a conformidade dos grupos que van a realizar a actuación para a data ou datas indicadas.

Cuarto.- Os concellos tiñan de prazo desde o 20 de febreiro de 2026 ata o 5 de marzo de 2026, ambos incluídos, para presentar solicitudes de actuacións con cargo a dito programa, tal como se recolle na base oitava da convocatoria.

Quinto.- En consecuencia e á vista da presentación de solicitudes por parte dos concellos da provincia e de acordo cos criterios de adxudicación das actuacións, establecidos na base décimo terceira, confecciónase o listado das agrupacións que lles corresponden a cada concello e establécese o caché a aboar pola Deputación a cada grupo, que servirá para o prezo do correspondente contrato.

Sexto.- Vistos os informes favorables xurídico e o de Intervención de data 13 de marzo de 2026 con CSV: OLBCHKJCDV1UGH7W.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Bases reguladoras para o ano 2026 do Programa “+Música” de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 27 de 10 de febreiro de 2026).



Segundo.- A competencia para a aprobación das actuacións autorizadas a cada concello da provincia corresponde á Xunta de Goberno, tal como se recolle na base décimo cuarta da convocatoria.

En base ao anteriormente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar a relación de actuacións autorizadas a cada concello da provincia con cargo ao Programa “+Música” 2026 e que figuran na relación con CSV: PMFS4BYR2X1OZOEO e que se relacionan a continuación:



num	NIF/CIF	Concello	Nome artístico	Data	Importe	Nome artístico	Data	Importe	Nome artístico	Data	Importe	TOTAL
1	P760500G	SCOUTOMAIOR	DE NINGHURES	10/07/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
2	P760600E	CAMBADOS	MONDRA	10/07/2026	14.217,50 €							14.217,50 €
3	P760400E	TOMIÑO	ORTIGA	11/07/2026	14.887,00 €							14.887,00 €
4	P760600B	OIA	LOUBAND	27/09/2026	4.275,00 €	SON DAS TABERNAS	11/07/2026	1.267,00 €	LIXIA LAMBONA E A BANDA MOLONA	14/11/2026	3.341,00 €	10.883,00 €
5	P760400H	PONTE CALDELAS	TREIXADURA	30/08/2026	14.520,00 €							14.520,00 €
6	P7604200I	PONTEAREAS	LUCÍA PÉREZ	15/09/2026	11.900,00 €							11.900,00 €
7	P760400I	BUEU	DE NINGHURES	18/07/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
8	P7602400H	LALÍN	XUNTOS POLA MÚSICA	20/06/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
9	P7600900G	CALDAS DE REIS	TREIXADURA	14/08/2026	14.520,00 €							14.520,00 €
10	P760400C	REDONDELA	DAKIDARRIA	20/07/2026	14.520,00 €							14.520,00 €
11	P7600900B	BAIONA	TREIXADURA	15/07/2026	14.520,00 €							14.520,00 €
12	P860000I	ILLA DE AROUSA, A	XABIER DÍAZ E ADUFERAS DE SALITRE	27/06/2026	11.878,00 €							11.878,00 €
13	P7604800G	ROSAL, O	DE NINGHURES	25/07/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
14	P760600A	RIBADUMIA	SHEILA PATRICIA	20/06/2026	4.500,00 €	FESTICULTORES TROUPE	04/06/2026	4.840,00 €	CANTANDO CON PINOCHO	10/05/2026	950,00 €	10.290,00 €
15	P7602400I	GUARDA, A	XUNTOS POLA MÚSICA	21/08/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
16	P760600I	DOZÓN	OS SATÉLITES	15/04/2026	14.520,00 €							14.520,00 €
17	P7602600C	MARÍN	OCAMUSIC	08/09/2026	9.950,00 €							9.950,00 €
18	P7602000G	CATOIRA	MONDRA	04/08/2026	14.217,50 €							14.217,50 €
19	P760200C	SALVATERRA DO MIÑO	SHEILA PATRICIA	20/08/2026	4.500,00 €	TIRULEQUE	28/08/2026	4.508,00 €	LOS JINETES DEL TRÓPICO	10/08/2026	1.178,00 €	11.276,00 €
20	P760600B	VILAGARCÍA DE AROUSA	DE NINGHURES	19/08/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
21	P7600048G	CERDEDO-COTOBADE	BUDIÑO	11/08/2026	12.947,00 €							12.947,00 €
22	P7602700B	ESTRADA, A	MONDRA	16/05/2026	14.217,50 €							14.217,50 €
23	P7601400G	NEVES, AS	LUAR NA LIBRE	11/07/2026	13.310,00 €							13.310,00 €
24	P7602100D	GONDOMAR	THE CRASS	14/08/2026	10.890,00 €							10.890,00 €
25	P760200D	NIGRÁN	LUAR NA LIBRE	20/08/2026	13.310,00 €							13.310,00 €
26	P7600900I	CAÑIZA, A	LUCÍA PÉREZ	12/08/2026	11.900,00 €							11.900,00 €
27	P760200H	FORNELOS DE MONTES	MILLADOIRO	08/08/2026	11.905,00 €							11.905,00 €
28	P7602800I	FORCAREI	XABIER DÍAZ E ADUFERAS DE SALITRE	22/08/2026	11.878,00 €							11.878,00 €
29	P7602900G	MOAÑA	SÉS	04/08/2026	13.310,00 €							13.310,00 €
30	P7604100B	POIO	XUNTOS POLA MÚSICA	20/08/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
31	P7601500C	MONDARIZ BALNEARIO	OS REVENDIDOS	12/09/2026	6.574,00 €	SON DAS TABERNAS	13/06/2026	1.267,00 €	BLUES DO PAIS E O SINDICATO DA VERBENA	13/09/2026	4.851,00 €	11.665,00 €
32	P760600I	VILANOVA DE AROUSA	ROI CASAL	09/08/2026	14.495,80 €							14.495,80 €
33	P7601900A	COVELLO	MARIA DO CEO	11/07/2026	8.470,00 €	MALVELA	27/06/2026	1.500,00 €				11.970,00 €
34	P7602400I	SILLEDA	JAVI MANERO	20/08/2026	6.040,00 €	LOTA AMADA	20/08/2026	4.840,00 €	MALLOU	17/05/2026	1.028,50 €	11.908,50 €
35	P7602200B	GROVE, O	ENSEMBLE GROBA	15/07/2026	9.438,00 €	CANTANDO CON PINOCHO	22/05/2026	950,00 €	BERCE DO SON	27/10/2026	1.210,00 €	11.598,00 €
36	P760700F	POIRRIÑO, O	SÉS	27/08/2026	13.310,00 €							13.310,00 €
37	P7602700A	MEARÓ	LUCÍA PÉREZ	27/11/2026	11.900,00 €							11.900,00 €
38	P7600800A	CANGAS	ALANA	25/08/2026	6.300,00 €	A GRAMOLA GOMINOLA	27/08/2026	2.360,00 €	NACHO FAJA LAR	25/08/2026	2.600,00 €	11.260,00 €
39	P760400A	SANXENVO	XURXO FERNANDES	16/07/2026	7.260,00 €							7.260,00 €
40	P760200A	MORAÑA	THE TETA'S VAN	26/07/2026	5.100,00 €	ARTISTICA E A BANDA DOS 80	07/11/2026	6.800,00 €				11.900,00 €
41	P7602800I	MEIS	FESTICULTORES TROUPE	16/09/2026	4.840,00 €	A GRAMOLA GOMINOLA	10/07/2026	2.360,00 €	LOUBAND	04/07/2026	4.235,00 €	11.435,00 €
42	P760200F	ARBO	XISCO FEIJO	08/09/2026	10.285,00 €							10.285,00 €
43	P7604700I	RODEIRO	COMANDO CURUXÁS	27/04/2026	5.900,00 €	VANESA MUELA E A BANDA DE TRAKA	18/07/2026	5.100,00 €				11.000,00 €
44	P760200F	AGOLADA	THE TETA'S VAN	08/08/2026	5.100,00 €	LEIRALUXO	09/08/2026	6.800,00 €				11.900,00 €
45	P760500I	VALGA	THE CRASS	16/09/2026	10.890,00 €	CANTANDO CON PINOCHO	30/10/2026	950,00 €				11.840,00 €
46	P760500B	TUI	FANFARRIA TACUJARDIA	15/08/2026	4.235,00 €	MECÁNICA ROLLING BAND	15/08/2026	3.630,00 €				7.865,00 €
47	P760700E	MONDARIZ	QUEIMAN FOLKI DE BRUXO QUEIMAN	14/08/2026	8.954,00 €	LOS JINETES DEL TRÓPICO	14/08/2026	2.178,00 €				11.132,00 €
48	P760200E	LAMA	VANESA MUELA E A BANDA TRAKA	10/06/2026	5.100,00 €	ARTISTICA E A BANDA DOS 80	10/07/2026	6.800,00 €				11.900,00 €
49	P760400D	PORTAS	XABIER DÍAZ E ADUFERAS DE SALITRE	24/09/2026	11.878,00 €							11.878,00 €
50	P760700I	MOS	OLIVQUILLADA	14/06/2026	7.260,00 €	LIXIA LAMBONA E A BANDA MOLONA	13/06/2026	3.327,50 €	MÚSICA MIÚDA	10/06/2026	651,20 €	11.238,70 €
51	P7601900F	CLINTS	ARTISTICA E A BANDA DOS 80	15/08/2026	6.800,00 €	VANESA MUELA E A BANDA DE TRAKA	11/07/2026	5.100,00 €				11.900,00 €
52	P760400D	VILA DE CRUCES	VANESA MUELA E A BANDA TRAKA	08/08/2026	5.100,00 €	ARTISTICA E A BANDA DOS 80	09/08/2026	6.800,00 €				11.900,00 €
53	P760400F	PONTECESURES	XOIS LOIS ROMERO E ALIBORIA	03/07/2026	9.680,00 €	HABELAS HAINAS	03/07/2026	2.290,00 €				11.970,00 €
54	P760700I	PAZOS DE BORBÉN	DE VACAS	15/08/2026	6.040,00 €	GRUPO FOLK AIROÑOS DA PENEDA	23/05/2026	2.420,00 €	CANTANDO CON PINOCHO	04/11/2026	950,00 €	9.410,00 €
55	P7600700C	CAMPO LAMEIRO	QLOURO	08/09/2026	7.260,00 €	AILÁ	06/09/2026	4.665,00 €				11.925,00 €
56	P760400E	SALCEDAS DE CASELAS	A BANDA DA LOBA	18/07/2026	5.445,00 €							5.445,00 €
57	P760200D	BARRO	XOIS LOIS ROMERO E ALIBORIA	25/06/2026	9.680,00 €	HABELAS HAINAS	30/08/2026	2.290,00 €				11.970,00 €
58	P760800F	VILABOIA	A RODA	09/09/2026	7.000,00 €	MALLOU	10/05/2026	1.028,50 €	MECÁNICA ROLLING BAND	09/05/2026	3.630,00 €	11.658,50 €
TOTAL												695.937,50 €



3.36294.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2026 (EXPTE. 2026008610)

I. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, que atribúe ás deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, considera a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea, ata o punto de que o Tratado de Lisboa contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter á UE no primeiro destino turístico mundial.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxias que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados. Neste contexto, a promoción e dinamización da actividade turística constitúe unha ferramenta clave para o desenvolvemento económico e social da provincia de Pontevedra.

A citada Lei dispón que corresponden ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local o asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece, no artigo 36.1 d) que a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios é unha competencia propia das Deputacións provinciais.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, elabora as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva para o fomento da actividade turística baseado na dinamización de promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2026 (TUR_C/26).

O 18 de marzo de 2026 emítase informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións (CSV: 8RJH9KXMOWNZUSDC).

O 18 de marzo de 2026 emítase informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: 898UDLNIVV0MA82R).

O 20 de marzo de 2026 emítase unha memoria sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: XOXYGNG2RAHY42ZB).



O 23 de marzo de 2026 o Servizo de Intervención emite informe favorable con observacións (CSV: AEVGXZXW2B8C5KNX) e certifica a existencia de crédito por importe de 100.000,00 € na aplicación 26/433.4320.489.01, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 12026000060435.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Conta no expediente informe do Servizo de Turismo no que se indica a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o fomento da actividade turística baseado na dinamización de promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2026 (TUR_C/26), así como informe xurídico e de Intervención no que se sinala que as bases son correctas xuridicamente e que existe crédito suficiente, por importe de 100.000,00 €, na aplicación 26/433.4320.489.01.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o fomento da actividade turística baseado na dinamización de promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2026 (TUR_C/26), que figuran no expediente co código seguro de verificación (CSV): EGMGN45V1PE806C6.

Ditas bases son do seguinte teor literal:



“BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES TURÍSTICAS DE CARÁCTER DEPORTIVO DURANTE O ANO 2026

*O turismo constitúe unha das actividades con maior potencial para a creación de emprego e o crecemento económico no ámbito da Unión Europea (UE). Así mesmo, na Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, sinálase que a dimensión social do turismo non se fundamenta unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén no seu potencial para **crear e distribuír riqueza**, aproveitando o derivado da colaboración entre os distintos axentes públicos e privados.*

Na devandita lei destácase a importancia de acadar e manter un sector turístico competitivo, de calidade e accesible, así como a relevancia da implantación de medidas de promoción e fomento mediante a posta en valor dos recursos singulares de Galicia, como instrumento para a desestacionalización da demanda turística. Así mesmo, prevese o reforzo destas medidas a través da concesión de subvencións e axudas públicas dirixidas a colectivos que apostan pola modernización e mellora das actividades turísticas en Galicia.

Neste contexto, as actividades turístico-deportivas constitúen un importante motor de atracción de visitantes, ao xerar desprazamentos motivados pola participación ou asistencia a eventos deportivos, especialmente cando estes transcenden o ámbito local. Estas actividades permiten obter un retorno económico directo no territorio, cun impacto positivo no sector servizos, e favorecen o aproveitamento sostible dos recursos naturais e patrimoniais existentes, contribuíndo á súa posta en valor como elementos diferenciadores do destino turístico.

Na Estratexia Rías Baixas Turismo 61, impulsada pola Deputación de Pontevedra, contéplase unha liña de acción específica en materia de turismo deportivo, entendendo que o deporte proxecta unha imaxe positiva do destino, asociada a valores como a sustentabilidade, o contacto coa natureza e a calidade de vida.

Tendo en conta que constitúe un requisito esencial que a actividade subvencionada se encadre dentro do ámbito competencial da entidade concedente, a Deputación de Pontevedra ostenta competencia propia en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de conformidade co disposto no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, atribúeselles ás deputacións provinciais a competencia para o fomento e a administración dos intereses propios da provincia.

Co obxecto de potenciar a asistencia e a promoción de actividades turísticas de carácter deportivo durante o ano 2026, a Deputación de Pontevedra establece, de conformidade co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, as seguintes:

BASES REGULADORAS

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases regular a concesión de subvencións destinadas a promover actividades turísticas de carácter deportivo durante o ano 2026, co fin de apoiar a organización, promoción e desenvolvemento de actuacións que contribúan á dinamización turística do territorio, á desestacionalización da demanda e/ou á posta en valor dos recursos da provincia de Pontevedra, conforme os principios de concorrencia competitiva, obxectividade, transparencia e publicidade.

2. ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

A Deputación de Pontevedra concederá subvencións para realizar actividades turísticas de carácter deportivo con repercusión na provincia, que se desenvolvan no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.



Poderán ser subvencionables, entre outras, as actuacións que teñan por obxecto:

- *Promover o turismo activo e deportivo, mediante actividades, como produto turístico e sostible.*
- *Favorecer o incremento da afluencia de visitantes e pernoctacións asociadas a eventos deportivos.*
- *Promover o destino turístico mediante actividades deportivas con capacidade de atracción.*
- *Impulsar a colaboración entre actividades deportivas, turísticas e administracións públicas.*

Quedan excluídas desta convocatoria e non será obxecto de subvención o seguinte:

- *As actividades ou investimentos subvencionados, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación de Pontevedra.*
- *Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos de persoal da propia entidade e as actividades xerais que se realicen ao longo de todo o ano.*
- *As viaxes de lecer e excursións.*
- *As adquisicións de material inventariable ou perdurable, equipamentos ou calquera outro gasto que supoña un incremento para o patrimonio da entidade beneficiaria.*
- *Os gastos en investimentos de carácter inmaterial susceptibles de producir os seus efectos en varios exercicios futuros, como a elaboración de vídeos utilizados en campañas de promoción deportiva ou turística.*
- *Calquera actividade, acción ou investimento que careza de contido deportivo e a finalidade de promover e fomentar o territorio integrado no destino Rías Baixas.*

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias as seguintes persoas xurídicas:

- *Clubs deportivos sen ánimo de lucro legalmente constituídos.*
- *Federacións deportivas sen ánimo de lucro.*
- *Asociacións sen ánimo de lucro vinculadas ao ámbito deportivo ou turístico.*
- *Outras entidades privadas sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, sempre que organicen actividades abertas ao público e con impacto turístico.*

As entidades beneficiarias que soliciten esta subvención deberán cumprir os seguintes requisitos:

- *Ter o domicilio social na provincia de Pontevedra, ou, excepcionalmente, fóra dela cando a actividade para a que se solicita a subvención teña interese para a provincia.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).*
- *Non ter débedas coa Deputación de Pontevedra nin subvencións anteriores pagadas anticipadamente pola Deputación pendentes de xustificación.*
- *Estar ao corrente no pago coa Seguridade Social.*
- *Non estar incursas en ningún dos supostos de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas, de acordo co disposto no artigo 13 da LXS.*

4. FINANCIAMENTO, GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Este programa de subvencións financiarase con cen mil euros (100.000 €), con cargo á aplicación 26/433.4320.489.01 do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra.



O importe máximo da subvención por proxecto non poderá exceder o 50 % do seu orzamento nin superar os cinco mil cincocentos euros (5.500 €).

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, polo que a subvención se concederá sobre o orzamento da actividade excluído o IVE, salvo que a entidade beneficiaria aboe efectivamente este imposto.

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles realizados durante o ano 2026, incluso os efectuados antes da concesión da subvención, sempre que sexan necesarios para executar a actividade subvencionada. Enténdense como tales os gastos relacionados coa actividade, coma os seguintes:

- *Imputación dos soldos e salarios das persoas contratadas para a actividade.*
- *Gastos de organización e loxística.*
- *Alugueiro de edificios (salas, almacéns etc.).*
- *Alugueiro de instalacións e/ou equipamentos deportivos para a actividade.*
- *Alugueiro de vehículos para o transporte.*
- *Alugueiro de mobiliario e útiles (mesas, cadeiras ou outros).*
- *Alugueiro de equipos informáticos e de plataformas virtuais (ordenadores, software etc.).*
- *Canons e/ou dereitos federativos.*
- *Vestiario (equipamentos ou uniformes).*
- *Material técnico necesario para realizar a actividade.*
- *Comunicacións postais.*
- *Primas de seguros de responsabilidade civil, accidentes etc.*
- *Gastos de contratación específica de axentes de prensa e comunicación.*
- *Folletería, cartelería, rollers, lonas, pancartas etc.*
- *Limpeza das instalacións.*
- *Seguridade e vixilancia da actividade.*
- *Peritaxe ou valoración de xuízas, xuíces, árbitras, árbitros e outros.*
- *Gastos de aloxamento de participantes ou organizadores federativos.*
- *Gastos de promoción e difusión turística da actividade.*

En ningún caso serán subvencionables os gastos correntes de funcionamento ordinario da entidade beneficiaria nin os gastos de investimentos.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos e importes establecidos no orzamento inicial; só se admitirán desviacións máximas do 20 % no custo dos diferentes capítulos da actividade subvencionada respecto do orzamento inicial pormenorizado.

De conformidade co disposto no artigo 31 da LXS, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase antes da subvención.



5. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible no procedemento “SLA 3054789– Subvencións destinadas á organización de eventos deportivos de interese turístico na provincia de Pontevedra” da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación de solicitudes, a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Só se admitirá unha única solicitude de subvención por cada entidade solicitante.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

7. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- NIF da entidade solicitante.*
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.*
- Domicilio fiscal da entidade solicitante.*
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

En caso de que as persoas interesadas se opoñan a estas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Se fose materialmente imposible obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, en caso contrario, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, antes de formular a proposta de resolución.

8. DOCUMENTACIÓN

As entidades solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Escritura de constitución da asociación ou entidade.*
- Documento de acreditación da representación da entidade solicitante. A representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia. En caso de presentar a solicitude mediante un certificado electrónico cualificado de representante, considerarase acreditada a representación.*
- Memoria segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica (anexo I: Formulario de solicitude de subvención para actividades turísticas de carácter deportivo, SLA 3054789), na que constarán, entre outros, os seguintes datos valorables:*
 - Denominación da actividade deportiva.*
 - Data prevista de realización.*
 - Indicar se se trata dun evento deportivo oficialmente recoñecido por algún organismo competente.*
 - Datos necesarios para valorar a actividade, segundo os criterios establecidos na base décimo primeira:*
 - Sobre o impacto turístico previsto da actividade.*
 - Sobre a previsión de participación.*



- *Sobre a proxección territorial e mediática.*
- *Sobre a súa contribución á desestacionalización turística.*
- *Sobre a incorporación de criterios de sustentabilidade e accesibilidade.*
- *Sobre a experiencia da entidade organizadora da actividade deportiva.*

A documentación complementaria presentarase por vía electrónica. As persoas interesadas serán responsables da veracidade dos documentos que acheguen; excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación dentro dos prazos previstos.

As persoas interesadas serán responsables da veracidade dos documentos achegados.

Non será necesario presentar os documentos xa achegados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Se fose materialmente imposible obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

9. NOTIFICACIÓNS

As notificacións de resolucións e outros actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común; realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única (DEHú), sistema accesible desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) ou en <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que esta se considere plenamente válida.

A notificación da resolución da concesión de subvencións realizarase mediante a publicación no BOPPO, de acordo co disposto no artigo 45 da LPACAP.

10. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E EMENDA DESTAS

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, en caso de non o facer, se considerará que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o cal se utilicen non estableza outros modelos específicos.



Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente, segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberá indicarse, se é o caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramites:xicnicos>.

11. VALORACIÓN E CONCESIÓN

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva e para a súa adxudicación teranse en conta os seguintes criterios:

- Número de deportistas non residentes na provincia que participaron en anteriores edicións, ou previsión de participantes non residentes na provincia:
 - De 0 a 9 deportistas: 0 puntos.
 - De 10 a 40 deportistas: 10 puntos.
 - De 41 a 80 deportistas: 15 puntos.
 - De 81 a 120 deportistas: 23 puntos.
 - De 121 a 160 deportistas: 25 puntos.
 - 161 ou máis deportistas: 30 puntos.
 - Número de pernoctacións xeradas polo evento:
 - Menos de 50 pernoctacións: 0 puntos.
 - De 50 a 100 pernoctacións entre xuño e setembro: 1 punto.
 - De 101 a 250 pernoctacións entre xuño e setembro: 2 puntos.
 - De 251 a 500 pernoctacións entre xuño e setembro: 3 puntos.
 - De 501 a 1.000 pernoctacións entre xuño e setembro: 4 puntos.
 - Máis de 1.000 pernoctacións entre xuño e setembro: 5 puntos.
 - De 50 a 100 pernoctacións entre outubro e maio: 10 puntos.
 - De 101 a 250 pernoctacións entre outubro e maio: 12 puntos.
 - De 251 a 500 pernoctacións entre outubro e maio: 15 puntos.
 - De 501 a 1.000 pernoctacións entre outubro e maio: 20 puntos.
 - Máis de 1.000 pernoctacións entre outubro e maio: 25 puntos.
 - Número de edicións do evento realizadas con anterioridade:
 - De 0 a 4 edicións: 0 puntos.
 - De 5 a 10 edicións: 10 puntos.
 - De 11 a 15 edicións: 15 puntos.
 - Máis de 15 edicións: 20 puntos.
 - Carácter oficial do evento, reconecido polos organismos competentes:
 - Carácter autonómico: 10 puntos.
 - Carácter nacional: 15 puntos.
 - Carácter internacional: 25 puntos.
- Non se subvencionarán os proxectos que non alcancen, como mínimo, 25 puntos.



12. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Turismo, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

As actividades de instrución comprenderán:

- a) A solicitude de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- b) A avaliación das solicitudes ou petición, efectuadas conforme os criterios de valoración.*

Unha vez avaliadas as solicitudes e logo do informe de Intervención, a Comisión de Valoración emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O Servizo de Turismo, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se lles notificará ás persoas interesadas, ás que se lles concederá un prazo de dez (10) días para presentar alegacións. En caso de que non fíxeren no procedemento outros feitos distintos aos aducidos polas persoas interesadas, prescindirase deste trámite de audiencia e a proposta de resolución terá carácter definitivo.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

<i>Presidente</i>	<i>Deputado delegado en materia de turismo.</i>
<i>Vogais</i>	<i>Directora do Servizo de Turismo. Un membro do equipo técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra. Un membro do equipo técnico do Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra.</i>
<i>Secretaria ou secretario</i>	<i>Un membro do equipo técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra.</i>

A resolución do procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno provincial.

O prazo máximo para resolver e notificarlles a resolución do procedemento ás persoas interesadas é de seis (6) meses, contados desde o día da publicación desta convocatoria. Transcorrido este prazo sen notificar, entenderase como desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución da concesión de subvencións publicarase no BOPPO e producirá os efectos da notificación, de acordo co disposto no artigo 45 da LPACAP.

A resolución ponlle fin á vía administrativa. Contra esta, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a dítase, no prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da notificación, de acordo co disposto nos artigos 112 e 124 da LPACAP, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

13. ACEPTACIÓN DAS SUBVENCIONS

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se as entidades beneficiarias non se opoñen ou as rexeitan expresamente no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día da súa notificación.



14. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

De acordo co previsto no artigo 35 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, unha vez recaída a resolución de concesión, a persoa beneficiaria poderá solicitar a súa modificación cando supoña unha redución do importe concedido ou unha alteración das accións que se integran na actividade. Estas modificacións poderán ser autorizadas cando teña como causa circunstancias imprevistas e sexan necesarias para o bo fin da actividade, sempre que non supoña unha variación na puntuación acadada no momento de concesión da subvención, non se altere o obxecto e/ou finalidade da subvención e non se danen dereitos de terceiras persoas. En caso de que a modificación leve consigo un cambio na data de realización das actividades obxecto de subvención, será necesario en todo caso unha autorización previa da Deputación de Pontevedra. Esta solicitude de modificación deberá presentarse tan pronto se coñeza a alteración e, como máximo, no prazo de dous (2) meses desde a notificación da concesión da subvención, e sempre antes de realizar a actividade subvencionada.

Para determinar a modificación da subvención teranse en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe e ao orzamento subvencionado.
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, determinarase o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que en todo caso serán inferiores aos inicialmente establecidos.

15. MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DA ACTUACIÓN SUBVENCIONADA POR CIRCUNSTANCIAS SOBREVINDAS DE FORZA MAIOR

En caso de adoptárense medidas administrativas xerais por razóns de interese público ou circunstancias de forza maior que obrighen a modificar as datas de realización da actividade, a entidade beneficiaria poderá levalas a cabo tras recibir autorización expresa por parte da Deputación de Pontevedra, sempre que as datas resultantes se manteñan dentro do mesmo ano natural.

En ningún caso esta modificación poderá dar lugar a un incremento na contía da subvención concedida.

16. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria transmitiráselle á BDNS para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a concesión das subvencións publicarase no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra, e remitiráselle á BDNS.

Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. Neste senso, as medidas de difusión consistirán, como mínimo, na inclusión da imaxe institucional da Deputación de Pontevedra e de Turismo Rías Baixas en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais ou calquera outro medio que permita constatar a realidade da difusión.

17. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da UE ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total poderá superar o custo real da actividade subvencionada. Para tal efecto, cando se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación.

A subvención concedida polo Servizo de Turismo é incompatible con outras axudas outorgadas pola Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio. No seu caso, a entidade deberá comunicar que é beneficiaria doutra subvención do organismo provincial.



18. SUBCONTRATACIÓN

Considerarase que o beneficiario subcontrata cando concerta con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Non se entenderá como tal a contratación daqueles gastos nos que deba incurrir a entidade beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar parcialmente a actividade subvencionada, sempre que non exceda o 50 % desta. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumenten o custo destas e non acheguen valor engadido ao seu contido. As e os contratistas quedarán obrigados só ante a entidade beneficiaria, que asumirá a responsabilidade total da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

En ningún caso a persoa beneficiaria poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades previstas no artigo 29.7 da LXS.

19. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as persoas beneficiarias deberán cumprir co seguinte:

- a) Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar no tempo e na forma a xustificación.
- b) Levar a cabo as medidas de difusión nos termos establecidos na base décimo sexta da convocatoria, na forma e no prazo, que deberán ter a mesma relevancia que as medidas de difusión realizadas para outros entes cofinanciadores da finalidade subvencionada. Esta obriga poderá acreditarse mediante unha declaración responsable da entidade beneficiaria acompañada de fotografías, carteis ou calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade da difusión.
- c) As entidades beneficiarias deberán pagarlles aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesouraría poderán pagar unha vez cobren a subvención, no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.
- d) As entidades beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, cheques nominativos, transferencias bancarias etc.) e só excepcionalmente poderá utilizarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable sempre que supere o importe de novecentos euros (900 €), de acordo co previsto no artigo 38.2 da LSG.
- e) Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, se se estima con suficiente anterioridade, poidan modificarse tanto o contido e a contía da finalidade subvencionada coma a súa forma e prazos de execución e a xustificación dos correspondentes gastos.
- f) Informar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, polo que o importe da subvención deberá modificarse.
- g) Someterse ao control financeiro da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno desta institución na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

20. XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a actividade subvencionada, a persoa beneficiaria deberá presentar, con data límite do 31 de marzo de 2027 e segundo o previsto na base décima, a seguinte documentación a través da Sede electrónica da institución provincial (<https://sede.depo.gal>):

- 1) Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se conceden a subvención:
 - Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade na que se detalle o seguinte (anexo II: Xustificación da subvención para actividades turísticas de carácter deportivo):



- *Impacto turístico do evento*
 - *Análise do impacto turístico previsto:*
 - *Pernotacións xeradas, duración media, tipo de aloxamento utilizado e municipios beneficiados.*
 - *Gasto medio por participante ou visitante.*
 - *Efecto dinamizador sobre o sector turístico.*
 - *Actividades complementarias realizadas.*
 - *Número de participantes e visitantes*
 - *Memoria final sobre asistencia: participantes e visitantes.*
 - *Comparación con edicións anteriores, se procede.*
 - *Plan de xestión de accesos, capacidades e seguridade.*
 - *Proxección territorial e mediática*
 - *Resultados do Plan de comunicación e difusión.*
 - *Relación de medios e canles nos que se obtivo retorno (facilitar ligazóns ou xuntar imaxes).*
 - *Métricas de alcance (audiencia, impresións, seguidores etc.).*
 - *Material acreditativo (programas, carteis, ligazóns web, certificados).*
 - *Contribución á desestacionalización turística*
 - *Calendario final do evento.*
 - *Datos de afluencia turística, con comparativa se se levaron a cabo edicións anteriores.*
 - *Incorporación de criterios de sustentabilidade e accesibilidade*
 - *Plan de sustentabilidade ambiental aplicado.*
 - *Memoria de accesibilidade aplicada.*
 - *Declaración responsable de cumprir a normativa en materia de accesibilidade e igualdade.*
- *Acreditación de difusión da financiación obtida (mediante inclusión da imaxe institucional actualizada da Deputación de Pontevedra e de Turismo Rías Baixas en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais etc.). Se figuran logotipos doutros entes, deberá aclararse a razón da súa inclusión.*

2) Xustificación dos gastos:

- *Conta xustificativa de gastos (segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica), na que se detallen o custo total e as facturas ou os documentos probatorios (identificación do provedor, NIF, número de factura, concepto, correspondencia co orzamento presentado e importe). En caso de tratarse dunha actividade con IVE deducible, os importes da conta xustificativa de gastos deberán engadirse sen IVE.*
- *Declaración responsable de que os gastos se aplicaron á finalidade subvencionada e de que o resto de xustificantes se atopa no domicilio da persoa beneficiaria a disposición da Deputación.*
- *Xustificación con facturas ou documentos análogos en formato PDF, na que se indiquen o número de unidades, o prezo unitario e o custo total.*

3) Xustificación dos ingresos:

- *Conta xustificativa de ingresos (segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica), na que se detallen o financiamento obtido (entes, organismos, particulares etc.) e o financiamento propio, así como unha declaración responsable de que os ingresos ou recursos obtidos non superan o custo da actividade subvencionada. En caso de tratarse dunha actividade con IVE deducible, os importes da conta xustificativa de ingresos deberán engadirse sen IVE cando corresponda.*



O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención e, en caso de pagamento anticipado, iniciárase o procedemento de reintegro.

21. PAGO

O pago realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

Para aboar a subvención, terase en conta o seguinte:

- Se se xustifican gastos polo 100 % do orzamento subvencionado en cada capítulo, aboarase a totalidade da subvención.*
- Se se xustifican gastos inferiores ao 100 % nalgún dos capítulos, aboarase a parte proporcional, de acordo cos límites de desviación máxima aceptados.*

O pago realizarase por transferencia bancaria á conta indicada pola entidade beneficiaria.

A variación ou incumprimento de condicións supoñerá un axuste á baixa da subvención, salvo en casos de variación substancial ou incumprimento da finalidade, nos que se poderá considerar a subvención non xustificada.

22. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E RÉXIME SANCIONADOR

Unha vez vencido o prazo de xustificación sen presentar a documentación, o Servizo de Turismo requiriralle á entidade beneficiaria que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación neste prazo supoñerá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento das condicións ou requisitos establecidos nestas bases dará lugar, total ou parcialmente, tras o correspondente expediente de incumprimento, á cancelación da subvención e á obriga de reintegrar a achega económica, segundo os artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

O reintegro incluírá xuros de demora desde o momento do aboamento ata a data de resolución do reintegro. O xuro de demora será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

As infraccións e sancións administrativas regularanse segundo o artigo 52 e seguintes da LXS e o 32 da Ordenanza xeral de subvencións.

23. RÉXIME XURÍDICO

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase a LXS, a LSG, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as Bases de execución do Orzamento vixente e a demais normativa aplicable.

Tamén se rexerán pola LPACAP e demais normas do dereito administrativo e, subsidiariamente, polas do dereito privado.

24. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados pola Deputación de Pontevedra, como órgano responsable, coa finalidade de xestionar o procedemento, verificar os datos e os documentos declarados na solicitude e realizar as actuacións administrativas derivadas.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos, segundo a normativa indicada na ficha de procedemento dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas para o exercicio das súas competencias ou para garantir o acceso integral da cidadanía á información.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar, suprimir ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”



4.36295.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2026 (EXPTE. 2026008603)

I. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que atribúe ás deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, considera a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea, ata o punto de que o Tratado de Lisboa contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter á UE no primeiro destino turístico mundial.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxias que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados. Neste contexto, a promoción e dinamización da actividade turística constitúe unha ferramenta clave para o desenvolvemento económico e social da provincia de Pontevedra.

A citada Lei salienta a importancia de acadar e manter un sector turístico competitivo, de calidade e accesible, así como a transcendencia da implantación de medidas de promoción e fomento mediante a posta en valor dos recursos singulares de Galicia como medio para desestacionalizar a demanda, prevendo que estas medidas poidan reforzarse mediante a concesión de subvencións e axudas para aqueles colectivos que aposten pola modernización e mellora das actividades turísticas de Galicia.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, elabora as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva para Actividades de carácter Turístico durante o ano 2026.

O 18 de marzo de 2026 emítase informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións (CSV: 0DKBLQ9X27GIPTGN).

O 18 de marzo de 2026 emítase informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: WG2H7FLN4QQA3UTC).

O 20 de marzo de 2026 emítase unha memoria sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: QPLADNYKJAIDOCMC).

O 23 de marzo de 2026 o servizo de Intervención emite informe favorable (CSV: 6QPYMWWUOTXVHG5O) e certifica a existencia de crédito por importe de 80.000,00 € na aplicación 26/433.4320.489.01, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 12026000060416.



II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Conta no expediente informe do Servizo de Turismo no que se indica a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para actividades de carácter turístico durante o ano 2026, así como informe xurídico e de Intervención no que se sinala que as bases son correctas xuridicamente e que existe crédito suficiente, por importe de 80.000,00 €, na aplicación 25/433.4320.489.01. As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª.2 das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para actividades de carácter turístico durante o ano 2026 que figuran no expediente co código seguro de verificación (CSV): GBELIULL8R7KX0UY.

Ditas bases son do seguinte teor literal:

“BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2026



O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea (UE), ata o punto de que no Tratado de Lisboa se contempla a súa importancia e se recollen disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter a UE no primeiro destino turístico mundial.

Na Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, faise referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para crear emprego, senón tamén na posibilidade que ten de xerar e de distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxías que xorden a través das iniciativas dos distintos axentes públicos e privados.

Nesta lei destácase a importancia de conseguir e manter un sector turístico competitivo, de calidade e accesible, e da transcendencia da implantación de medidas de promoción e fomento mediante a posta en valor dos recursos singulares de Galicia como medio para desestacionalizar a demanda. Así mesmo, prevese reforzar estas medidas mediante a concesión de subvencións e axudas para aqueles colectivos que aposten pola modernización e a mellora das actividades turísticas de Galicia.

Tendo en conta que é un requisito esencial que a actividade subvencionada forme parte do ámbito competencial da entidade que a subvenciona, a Deputación de Pontevedra ten atribuída a competencia propia sobre a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, en virtude do establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, a Deputación de Pontevedra convoca estas subvencións públicas destinadas a promover actividades de carácter turístico durante o ano 2026, en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, consonte as seguintes

BASES REGULADORAS

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases regular a concesión de subvencións públicas destinadas a promover actividades de carácter turístico durante o ano 2026, coa finalidade de colaborar no fomento do turismo da provincia de Pontevedra, segundo os principios de concorrencia competitiva, obxectividade e publicidade.

2. ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS

A Deputación de Pontevedra concederá subvencións para realizar actividades de fomento do turismo con repercusión na provincia durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Poderán ser subvencionables as actividades de fomento do turismo que teñan, entre outros fins, os seguintes:

- Realizar experiencias turísticas singulares: creación, deseño e promoción de rutas, visitas guiadas, circuitos ou produtos turísticos que poñan en valor de forma innovadora o patrimonio cultural, natural ou gastronómico da provincia.*
- Organizar eventos de identidade territorial: celebración de eventos ou xornadas que promovan os elementos identitarios da provincia.*
- Realizar actividades de sustentabilidade e calidade: elaboración de proxectos que busquen a mellora da calidade turística, a accesibilidade universal ou a implantación de prácticas de xestión sostible (ambiental, social e económica) na prestación de servizos turísticos.*



Quedan excluídas desta convocatoria e non serán obxecto de subvención as seguintes actuacións:

- *As actividades ou investimentos subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación de Pontevedra.*
- *Os gastos de funcionamento e de persoal das propias entidades, os gastos correntes e das actividades xerais que se realicen ao longo de todo o ano.*
- *Os eventos de carácter deportivo.*
- *As viaxes de lecer e as excursións das persoas asociadas á entidade que solicita a axuda.*
- *As actividades dirixidas en exclusiva ás persoas asociadas á entidade que solicita a axuda.*
- *Os gastos de restauración, catering ou similares, salvo aqueles que formen parte integral e esencial da actividade turística subvencionada. En todo caso, deberase xustificar a súa necesidade e relación directa na memoria do proxecto.*
- *A adquisición de material inventariable ou perdurable, de equipamentos ou calquera outro gasto que supoña un incremento para o patrimonio da entidade beneficiaria.*
- *Os gastos en investimentos de carácter inmaterial susceptibles de producir os seus efectos en varios exercicios futuros, coma a elaboración de vídeos utilizados en campañas de promoción turística.*
- *As festas gastronómicas que consistan principalmente na degustación de produtos sen a súa posta en valor. Entenderase por posta en valor a inclusión de elementos que lle acheguen un valor engadido ao evento, coma os seguintes: compoñente formativo ou educativo (obradoiros, charlas, conferencias); promoción da cadea de valor (visitas a produtores, demostracións de elaboración); contextualización histórica ou cultural do produto; ou a integración do evento nunha ruta ou experiencia turística máis ampla.*
- *Calquera actividade, acción ou investimento que non sexa de contido turístico nin teña como finalidade a promoción e o fomento do territorio integrado no destino Rías Baixas.*
- *O resto de actividades non enmarcadas claramente como actividade subvencionable segundo estas bases.*

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS

As posibles beneficiarias poderán ser persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- *Non ter a condición de Administración pública.*
- *Carecer de fins de lucro.*
- *Ter o domicilio social na provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra desta cando a actividade para a que se solicite a subvención teña interese para a provincia.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).*
- *Non ter débedas coa Deputación de Pontevedra nin ter pendentes de xustificación subvencións anteriores pagadas anticipadamente por esta institución.*
- *Estar ao corrente do pago coa Seguridade Social.*
- *Non estar incursas en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, consonte o especificado no artigo 13 da LXS.*



- *Estar inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia (REAT/RITGA), no momento da solicitude da axuda.*

4. FINANCIAMENTO, GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Este programa de subvención financiarase con oitenta mil euros (80.000,00€) con cargo á aplicación 26/433.4320.489.01 do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra.

O importe máximo da subvención para cada proxecto non poderá exceder o 70 % do seu orzamento nin superar os cinco mil cincocentos euros (5.500,00€).

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, polo que a subvención se concederá sobre o orzamento da actividade, excluído o IVE, salvo que a entidade beneficiaria os aboe efectivamente.

Terán a consideración de gastos subvencionables os realizados durante o ano 2026, incluso os efectuados antes da concesión da subvención, sempre que sexan necesarios para executar a actividade subvencionada. Enténdense como tales os gastos relacionados coa actividade, como:

- *Imputación dos soldos e salarios das persoas contratadas para a actividade.*
- *Alugueiro de edificios (salas, auditorios, almacéns etc.).*
- *Alugueiro de maquinaria, instalacións e útiles necesarios para a actividade.*
- *Alugueiro de vehículos para transporte.*
- *Alugueiro de mobiliario e outros bens.*
- *Alugueiro de equipos informáticos e de plataformas virtuais.*
- *Canons.*
- *Vestiario.*
- *Produtos alimenticios.*
- *Material técnico para realizar a actividade.*
- *Comunicacións postais.*
- *Primas de seguros.*
 - *Gastos de contratación específica de axentes de prensa e de comunicación.*
 - *Folletos, cartelería, rollers, lonas, pancartas etc.*
 - *Material promocional.*
 - *Limpeza.*
 - *Seguridade e vixilancia.*
 - *Contratación de guías ou monitorado.*
 - *Gastos de coordinación.*
 - *Gastos de desenvolvemento e implementación de ferramentas dixitais (audioguías, aplicacións móbiles, plataformas de xestión de público etc.) directamente vinculadas á mellora da actividade turística subvencionada.*



Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos e importes establecidos no orzamento inicial; só se admitirán desviacións de ata o 20 % no custo dos diferentes capítulos da actividade subvencionada respecto do orzamento inicial pormenorizado. En virtude do disposto no artigo 31 da LXS, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado un número suficiente de entidades que o realicen, presten ou fornezan, ou cando o gasto se realizase antes da subvención.

5. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible no procedemento “SLA 287980–Actividades de carácter turístico” da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación de solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Só se admitirá unha solicitude de subvención por entidade.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

7. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade solicitante.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Certificado de inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia (REAT/RITGA), no momento da solicitude da axuda.
- En caso de que as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.



Se fose materialmente imposible obter o documento, o órgano competente poderalle requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

8. DOCUMENTACIÓN

As entidades solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Escritura de constitución da asociación ou entidade.*
- *Documento de acreditación da representación da entidade solicitante. A representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia. En caso de presentar a solicitude mediante un certificado electrónico cualificado de representante, entenderase acreditada a representación.*
- *Memoria segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica (anexo I), na que constarán, entre outros, os seguintes datos:*
 - *Denominación da actividade.*
 - *Data de realización.*
 - *Acreditación de certificación nalgún sistema de calidade.*
 - *Acreditación de premios ou recoñecementos oficiais recibidos.*
 - *Datos necesarios para valorar a actividade, segundo os criterios establecidos na base décimo primeira.*

A documentación complementaria presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen; excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario presentar os documentos xa achegados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

En caso de que fose materialmente imposible obter o documento, o órgano competente poderalle requirir á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

9. NOTIFICACIÓNS

As notificacións de resolucións e outros actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) ou en <https://dehu.redsara.es>. Estas entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



A notificación da resolución da concesión de subvencións realizarase mediante a publicación no BOPPO, consonte o disposto no artigo 45 da LPACAP.

10. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E EMENDA DESTAS

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, en caso de non facelo, terase por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderanse empregar sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o cal se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderanse descargar para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente, segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberase indicar, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

11. VALORACIÓN E CONCESIÓN

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, e para a súa adjudicación teranse en conta os seguintes criterios:

1. *Calidade técnica da actividade: ata 35 puntos. Valoraranse a calidade, o deseño e o impacto potencial da actividade proposta, de acordo con estes subcriterios:*
 - *Claridade de obxectivos e planificación: ata 5 puntos.*
 - *Coherencia interna do proxecto: 1 punto.*
 - *Definición de obxectivos e adecuación das accións aos obxectivos: 2 puntos.*
 - *Claridade na planificación e na memoria da actividade: 2 puntos.*
 - *Dinamización de zonas menos turísticas: ata 5 puntos. Valoraranse a realización da actividade en municipios ou áreas da provincia con menor afluencia turística, así como a contribución á diversificación territorial da oferta turística e á atracción de visitantes cara a espazos menos consolidados do destino Rías Baixas.*
 - *Posta en valor de recursos turísticos: ata 5 puntos. Valoraranse a inclusión de elementos que lle acheguen un valor engadido ao evento, tales como:*
 - *Compoñente formativo ou educativo: 1 punto.*
 - *Promoción da cadea de valor: 1 punto.*
 - *Contextualización histórica ou cultural do produto: 1 punto.*
 - *Integración do evento nunha ruta ou experiencia turística máis ampla: 1 punto.*



- *Inclusión doutros elementos que acheguen valor engadido: 1 punto.*
 - *Grao de orixinalidade ou creatividade: ata 5 puntos. Valorarase o carácter innovador da proposta no contexto da oferta turística da provincia, tendo en conta a introdución de novos formatos, contidos ou enfoques na interpretación e promoción dos recursos turísticos.*
 - *Se a actividade é inédita na provincia: 5 puntos.*
 - *Se é unha adaptación innovadora dun formato existente na provincia: 3 puntos.*
 - *Se o formato é tradicional pero con melloras menores: 1 punto.*
 - *Adecuación á marca turística Rías Baixas: ata 4 puntos. Valorarase a coherencia da actividade cos valores e a imaxe do destino Rías Baixas, tendo en conta aspectos como a posta en valor do patrimonio natural, cultural ou enogastronómico da provincia, a promoción da identidade territorial e a contribución á proxección turística do destino.*
 - *Potenciación da atracción de visitantes ou nichos específicos: ata 6 puntos. Valorarase a capacidade da actividade para atraer visitantes de fóra da provincia ou para posicionarse en segmentos turísticos específicos, tendo en conta aspectos como a orientación a públicos concretos, a promoción fóra do ámbito local ou a vinculación con produtos turísticos especializados (por exemplo: enoturismo, turismo de natureza, turismo cultural, turismo activo ou MICE).*
 - *Posta en valor da cadea de subministración local: ata 5 puntos. Valorarase o uso de produtos e servizos de provedores da provincia de Pontevedra na organización e desenvolvemento da actividade, tendo en conta a participación de produtores, empresas ou profesionais locais e a súa integración na experiencia turística proposta.*
2. *Aliñación estratéxica e calidade: ata 25 puntos*
- *Data de realización en tempada baixa: ata 5 puntos.*
 - *Se a actividade se desenvolve nos meses de xullo e agosto: 0 puntos.*
 - *Se a actividade se desenvolve nos meses de xuño ou setembro: 1 punto.*
 - *Se a actividade se desenvolve nos meses de maio ou outubro: 2 puntos.*
 - *Se a actividade se desenvolve nos meses de abril ou novembro: 3 puntos.*
 - *Se a actividade se desenvolve nos meses de febreiro ou marzo: 4 puntos.*
 - *Se a actividade se desenvolve nos meses de decembro ou xaneiro: 5 puntos.*
 - *Experiencia previa en actividades turísticas: ata 5 puntos. Valorarase a realización e xustificación de proxectos similares nos últimos tres exercicios.*
 - *Sen experiencia: 0 puntos.*
 - *Experiencia de 1 ano: 1 punto.*
 - *Experiencia nos 2 últimos anos: 3 puntos.*
 - *Experiencia nos 3 últimos anos: 5 puntos.*
 - *Acreditación do cumprimento de sistemas de calidade: ata 5 puntos*
 - *Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos (SICTED): 2 puntos.*
 - *“Q” de Calidade: 3 puntos.*
 - *Calidade baseada nas normas ISO, UNE ou EMAS: 2 puntos por cada certificación.*
 - *Outro sistema debidamente acreditado: 1 punto.*



- *Sustentabilidade ambiental e social: ata 5 puntos. Valorarase a adopción de medidas deste tipo.*
 - *Presentar unha certificación de redución de residuos, xestión de recursos etc.: 2 puntos.*
 - *Contribuír á sustentabilidade social (por exemplo, promovendo a cultural social ou usando recursos naturais de forma responsable): 2 puntos.*
 - *A adopción doutras medidas relacionadas coa sustentabilidade ambiental e social: 1 punto.*
- *Actividades que fomenten un turismo accesible: ata 5 puntos. Valoraranse as características das contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como as características dos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de modo que estes sexan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade e comodidade e da maneira máis autónoma e natural posible.*
A puntuación outorgarase en función dos seguintes aspectos:
 - *Calidade na explicación e detalle da memoria: 1 punto.*
 - *Accesibilidade arquitectónica dos espazos nos que se desenvolva a actividade: 1 punto.*
 - *Accesibilidade na comunicación, referida á información que se utiliza para dar a coñecer a actividade: 1 punto.*
 - *Realización de actividades deseñadas especialmente para que poidan participar persoas con limitacións de mobilidade, de comunicación ou de entendemento: ata 2 puntos.*

Só serán subvencionables aquelas solicitudes que acaden unha puntuación mínima de 30 puntos sobre o total de 60 puntos.

12. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Turismo, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). As actividades de instrución comprenderán:

- a) A petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- b) A avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme os criterios de valoración.*

Unha vez avaliadas as solicitudes, e logo do informe da Intervención, a Comisión de Valoración emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O Servizo de Turismo, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se lles notificará ás persoas interesadas, ás que se lles concederá un prazo de dez (10) días para presentar alegacións. En caso de que non figuren no procedemento máis feitos que os aducidos polas persoas interesadas, prescindirase deste trámite de audiencia e a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

<i>Presidente</i>	<i>O deputado delegado en materia de turismo.</i>
<i>Vogais</i>	<i>A directora de Turismo Rías Baixas. Dous membros do equipo técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra. Un membro do equipo técnico do Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra.</i>
<i>Secretaria/o</i>	<i>Un membro do equipo técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra.</i>



A resolución do procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno provincial.

O prazo máximo para resolver e notificarlles a resolución do procedemento ás persoas interesadas é de seis (6) meses, contados a partir do día da publicación desta convocatoria. Transcorrido este prazo sen notificar a resolución, entenderase como desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución da concesión de subvencións publicarase no BOPPO e producirá os efectos da notificación, consonte o disposto no artigo 45 da LPACAP.

A resolución ponlle fin á vía administrativa. Contra esta, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 112 e 124 da LPACAP, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

13. CRITERIOS DE DESEMPATE

En caso de producirse empate na puntuación total, aplicaranse os seguintes criterios de desempate, por orde:

- *Maior puntuación obtida no bloque 1. Calidade técnica da actividade.*
- *Maior puntuación obtida no criterio de aliñación estratéxica e calidade.*
- *Data e hora de presentación da solicitude (terá prioridade a máis antiga).*

14. ACEPTACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se as entidades beneficiarias non se opoñen ou as rexeitan expresamente no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde a súa notificación.

15. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

De conformidade co previsto no artigo 35 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, unha vez recaída a resolución de concesión a persoa beneficiaria poderá solicitar a súa modificación cando supoña unha redución do importe concedido ou unha alteración das accións que se integran na actividade. Estas modificacións poderán ser autorizadas cando teñan como causa circunstancias imprevistas e sexan necesarias para o bo fin da actividade, sempre que non supoñan unha variación na puntuación acadada no momento de concesión da subvención, non se altere o obxecto nin a finalidade da subvención e non se danen dereitos de terceiras persoas. En caso de que a modificación leve consigo un cambio na data de realización das actividades subvencionables, será necesaria unha autorización previa da Deputación de Pontevedra. Esta solicitude de modificación deberá presentarse tan pronto se coñeza a alteración, como máximo no prazo de dous (2) meses desde a notificación da concesión da subvención e sempre antes de realizar a actividade subvencionada. Para determinar a modificación da axuda teranse en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida no referente ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, determinarase o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que, en todo caso, serán inferiores aos inicialmente establecidos.*



16. MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS DA ACTUACIÓN SUBVENCIONADA POR CIRCUNSTANCIAS SOBREVINDAS DE FORZA MAIOR

En caso de adoptárense medidas administrativas xerais por razóns de interese público ou circunstancias de forza maior que obriguen a modificar as datas de realización da actividade, a entidade beneficiaria poderá levalas a cabo tras recibir autorización expresa por parte da Deputación de Pontevedra, sempre que as datas resultantes se manteñan dentro do mesmo ano natural.

En ningún caso esta modificación poderá dar lugar a un incremento na contía da subvención concedida.

17. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>). De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria transmitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a concesión das subvencións publicarase no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra, e remitiráselle á BDNS.

Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, como mínimo, na inclusión da imaxe institucional da Deputación de Pontevedra e de Turismo Rías Baixas en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade da difusión.

18. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da UE ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada. Para ese efecto, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas outorgadas pola Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade e no mesmo exercicio. No seu caso, a entidade deberá comunicar que é beneficiaria doutra subvención do organismo provincial.

19. SUBCONTRATACIÓN

Considérase que a beneficiario subcontrata cando concerta con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Non se entenderá como tal a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar parcialmente a actividade subvencionada sempre que non exceda o 50 % desta. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumenten o custo e non acheguen valor engadido ao seu contido. As e os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a responsabilidade total da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

En ningún caso a persoa beneficiaria poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas coas persoas ou entidades previstas no artigo 29.7 da LXS.



20. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular as persoas beneficiarias terán que cumprir o seguinte:

- a) Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar no tempo e na forma a xustificación.
- b) Levar a cabo as medidas de difusión nos termos establecidos na base décimo sexta da convocatoria, na forma e no prazo, que deberán ter a mesma relevancia que as medidas de difusión realizadas para outros entes cofinanciadores da finalidade subvencionada. Esta obrigación poderá acreditarse mediante unha declaración responsable da entidade beneficiaria acompañada de fotografías, carteis ou calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade da difusión.
- c) As entidades beneficiarias deberánlles pagar aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Con todo, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.
- d) As entidades beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, cheques nominativos, transferencias bancarias etc.) e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable sempre que supere o importe de novecentos euros (900,00 €), de acordo co previsto no artigo 38.2 da LSG.
- e) Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, se se estima con suficiente anterioridade, poidan modificarse tanto o contido e a contía da finalidade subvencionada coma a súa forma e prazos de execución e a xustificación dos correspondentes gastos.
- f) Informar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, polo que o importe da subvención deberá modificarse.
- g) Someterse ao control financeiro da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno desta institución na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

21. XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a actividade subvencionada, a persoa beneficiaria deberá presentar, con data límite do 31 de marzo de 2027 e segundo o previsto na base décima, a seguinte documentación a través da Sede electrónica da institución provincial (<https://sede.depo.gal>):

- 1) Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención:
 - Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade na que se xustifique o seguinte:
 - Data e lugar de realización.
 - Programa e obxectivos cumpridos.
 - Resultados de impacto da realización da actividade.
 - Grao de participación.
 - Deberanse achegar o programa, o cartel anunciador, fotografías e demais documentación gráfica elaborada para desenvolver o proxecto ou a actividade subvencionada.



- *Acreditación de que se lle deu difusión ao financiamento obtido (inclusión da imaxe institucional actualizada da Deputación de Pontevedra e de Turismo Rías Baixas en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais etc.). Se figuran logotipos doutras entidades no material gráfico utilizado, deberase aclarar a razón da súa inclusión.*

2) *Xustificación dos gastos:*

- *Conta xustificativa dos gastos (segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica), na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e o detalle de facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (na que se identifique provedor, NIF, número de factura, concepto equivalente no orzamento presentado coa solicitude e importe). En caso de tratarse dunha actividade con IVE deducible, os importes da conta xustificativa de gastos deberán indicarse sen IVE. Nesta conta xustificativa constará unha declaración responsable de que os gastos que figuran nela se aplican á finalidade subvencionada e de que o resto de xustificantes da conta se atopan no domicilio da persoa beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame.*
- *Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (en formato PDF), dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida; indicaranse para cada factura ou documento análogo o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade.*

3) *Xustificación dos ingresos:*

- *Conta xustificativa dos ingresos (segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica), na que se determinará o financiamento obtido para a finalidade subvencionada (indicarse se son entidades, organismos, particulares etc.) e o financiamento propio, así como unha declaración responsable de que os ingresos ou recursos alleos obtidos non superan o custo ou os gastos da actividade subvencionada. En caso de tratarse dunha actividade con IVE deducible, os importes da conta xustificativa de ingresos deberán indicarse sen IVE cando corresponda.*

O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención e, en caso de pago anticipado, iniciárase o procedemento de reintegro.

22. PAGO

O pago realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

Para aboar a subvención, terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado en cada capítulo, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % nalgún dos capítulos, aboarase a parte proporcional de acordo cos límites da desviación máxima aceptada.*

O pago efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria.

A variación ou o incumprimento de condicións ou circunstancias avaliábeis na concesión supoñerán o axuste á baixa da subvención concedida, salvo nos supostos de variación substancial ou incumprimento da finalidade, nos que se poderá considerar non xustificada a subvención, tras a tramitación do procedemento correspondente.



23. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E RÉXIME SANCIONADOR

Vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Turismo requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e nas demais normas aplicables, así como as condicións que, no seu caso, se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar á cancelación total ou parcial, tras o oportuno expediente de incumprimento, e á obriga de reintegrar a achega económica, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra. O reintegro levará engadida a esixencia de xuros de demora correspondentes desde o momento do aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Conforme o artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o interese legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, aplicarase o previsto nos artigos 52 e seguintes da LXS, así como no 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

24. RÉXIME XURÍDICO

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de pertinente aplicación.

Así mesmo, rexeranse pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas de dereito privado.

25. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”



5.36296.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS CONFRARIAS DE PESCADORAS E PESCADORES, FEDERACIÓN DE CONFRARIAS E AGRUPACIONS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO DE 2026 (EXPT. 2026006026)

As confrarías de pescadoras e pescadores e agrupacións de mariscadoras son organizacións que agrupan as e os pescadores de pequena escala e a mariscadoras/es de Galicia. O seu papel dentro do sector pesqueiro outórgalles competencias na xestión e explotación de recursos mariños, actividades que realizan de modo colectivo. Esta posición permite que as confrarías teñan influencia en diferentes aspectos do desenvolvemento sostible, principalmente no ámbito local, xogando un papel importante na xestión e na explotación dos recursos mariños e, por tanto, con influencia nalgúns aspectos como son a protección dos recursos e a equidade na repartición de ingresos e no acceso a bens comúns.

Este tipo de organizacións, cunha longa tradición en Galicia e especialmente na provincia de Pontevedra, son recoñecidas como entidades de economía social, segundo o previsto no artigo 6 da Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia, cuxa finalidade é recoñecer, fomentar e impulsar as devanditas entidades para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.

O Informe 2008/2250 (INI), do 26 de xaneiro de 2009, do Parlamento Europeo, considera a economía social como axente clave para o logro dos obxectivos de Lisboa, no que se establecen os medios necesarios para acadalos, dá unha visibilidade institucional clara á realidade da economía social e insta a decidir que políticas poden ser determinantes para axudar este sector, tales como establecer clarificacións conceptuais e estatísticas ou fomentar programas europeos que a favorezan.

Respecto expresamente das entidades locais, a Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia, no seu artigo 14.4 sinala que “*a administración local, as universidades e o conxunto de entidades públicas procurarán a promoción da economía social dentro das súas actuacións*”, constituíndo así un fundamento xurídico para actuar nesta materia, tendo en conta, ademais que, segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local (LRBRL), sinala como competencia propia das deputacións “*a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito*”.

Con todo, as empresas de economía social e, singularmente, as confrarías de pescadores e pescadoras teñen demostrado a súa capacidade de resistencia ás crises, de creación de emprego estable e de calidade, de vinculación co territorio e de mellora do benestar social, polo que resulta procedente activar suficientemente as súas potencialidades de emprendemento e autoemprego.



A Deputación de Pontevedra, consciente da importancia das confrarías de pescadoras e pescadores da provincia, que, xunto coa súa Federación Provincial e coas agrupacións de mariscadoras, contribúen a desenvolver accións de promoción e a fomentar un sector de vital importancia na provincia, o da pesca e do marisqueo, dálle continuidade á liña de subvencións para investimentos dos últimos anos. Ademais, debido ao panorama crítico que sofre o sector debido aos efectos das últimas borrascas nos últimos meses, sen aínda recuperarse da complicada situación dos últimos anos, a liña adicional de gastos correntes mantense este ano, destinada a garantir a sostibilidade das actividades pesqueira e marisqueira da provincia, mantendo así as dúas liñas nesta convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Tendo en conta os informes favorables sobre as “Bases para a concesión de subvencións ás confrarías de pescadoras e pescadores, Federación de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra para investimentos e gastos correntes durante o exercicio de 2026” da xefa do Servizo de Medio Ambiente, do 02.03.2026, da Secretaría do 03.03.2026 e da Intervención do 17.03.2026, nunha contía total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00) €, distribuídas en 2 aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento provincial:

Programa	Aplicación	Importe
Investimentos	26/410.4150.789.02	100.000 €
Gastos correntes	26/410.4150.489.01	250.000 €

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido nas base 16.2 c) das Bases de execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A xunta de goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar as “Bases para a concesión de subvencións ás confrarías de pescadoras e pescadores, Federación de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra para investimentos e gastos correntes durante o exercicio de 2026”, por concorrencia competitiva, que din o seguinte:

“BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS CONFRARIAS DE PESCADORAS E PESCADORES, FEDERACIÓN DE CONFRARIAS E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO DE 2026

As confrarías de pescadoras e pescadores e agrupacións de mariscadoras son organizacións que agrupan pescadores de pequena escala e mariscadoras de Galicia. O seu papel dentro do sector pesqueiro outórgalles competencias na xestión e na explotación de recursos mariños, actividades que realizan de modo colectivo. Esta posición permite que as confrarías teñan influencia en diferentes aspectos do desenvolvemento sostible, principalmente a nivel local.



Este tipo de organizacións, cunha longa tradición en Galicia e especialmente na provincia de Pontevedra, son recoñecidas como entidades de economía social, segundo o previsto no artigo 6 da Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.

Así, as devanditas confrarías e agrupacións xogan un papel importante na xestión e na explotación dos recursos mariños e, polo tanto, inflúen nalgúns aspectos identificados na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, coma a protección dos recursos e a equidade na repartición de ingresos e o acceso a bens comúns.

Respecto á súa distribución xeográfica, apréciase unha clara concentración da actividade do sector pesqueiro en rexións costeiras. Especial relevancia ten a provincia de Pontevedra en Galicia, onde se sitúan dúas de cada tres empresas do sector do procesamento de peixes, crustáceos e moluscos, ou máis do 40 % de empresas comercializadoras de produtos pesqueiros, o que demostra o alto grao de especialización deste nivel territorial.

A Deputación de Pontevedra é consciente da importancia das confrarías de pescadoras e pescadores da provincia, que, xunto coa súa federación provincial e coas agrupacións de mariscadoras, contribúen a desenvolver accións de promoción e a fomentar un sector de vital importancia na provincia, o da pesca e do marisqueo. Por iso, dálle continuidade á liña de subvencións para investimentos dos últimos anos.

O 2024 foi o peor en moitos anos do sector marisqueiro e da frota de baixura na provincia, o peche dos bancos marisqueiros durou case un ano; foron longos meses sen actividade por mor dos temporais e a imparable mortalidade de ameixa e doutras especies. Aínda non recuperado o sector desta situación, os efectos das últimas borrascas entre os meses de novembro de 2025 e febreiro de 2026 deixan un panorama crítico, cunha mortalidade entre o 80 e o 100 %, dependendo da zona.

Debido a esta situación, provocada pola excepcionalidade de 2024 e 2025, a liña adicional de gastos correntes mantense este ano, destinada a garantir a sostibilidade das actividades pesqueira e marisqueira da provincia afectadas polos sucesivos temporais do inverno. Así, seguiranse mantendo as dúas liñas nesta convocatoria.

Desde o punto de vista competencial, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso e entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de axudas ás confrarías de pescadoras e pescadores, á Federación de Confrarías e ás agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra para financiar investimentos e gastos correntes que melloren as actividades pesqueira e marisqueira durante este ano 2026.

Estas subvencións rexeranse igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 249 do 30 de decembro de 2016, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións ás confrarías de pescadoras e pescadores, á Federación de Confrarías e ás agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra



que outorgue a Deputación para financiar investimentos e gastos correntes referidos a actividades propias da entidade, correspondentes coas liñas e cos conceptos detallados na base cuarta, segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva.

Segunda. Financiamento

Estas axudas contan cun crédito total de trescentos cincuenta mil euros (350.000 €) e distribúense en dúas aplicacións orzamentarias:

Programa	Aplicación	Importe
Investimentos	26/410.4150.789.02	100.000 €
Gastos correntes	26/410.4150.489.01	250.000 €

A porcentaxe máxima subvencionable será do 80 % do orzamento, sen prexuízo de que estas axudas sexan compatibles con outras recibidas doutros organismos, sempre que a súa concorrencia non supere o custo total do investimento.

Limitacións:

- Importe do orzamento de gastos: máximo de corenta mil euros (40.000 €).
- Importe da subvención: mínimo de seiscientos euros (600 €) e máximo de vinte mil euros (20.000 €).

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas tanto as confrarías de pescadoras e pescadores coma a Federación de Confrarías ou as agrupacións de mariscadoras, sempre que estean legalmente constituídas e pertenczan á provincia de Pontevedra.

As entidades beneficiarias non deberán estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da LXS, e deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Cuarta. Liñas e actuacións subvencionables

As entidades poderán presentar unha solicitude para cada liña (investimento e gasto corrente) e, polo tanto, poderá concedérselles unha subvención por cada unha das liñas solicitadas.

1. Investimentos:

- Material para vixilancia.
- Elementos de transporte.
- Equipos informáticos, impresoras, etiquetadoras.
- Mobiliario.
- Caixas e palés reutilizables.
- Construcións.
- A formación técnica e o asesoramento para desenvolver a actividade das confrarías e da Federación de Confrarías.

Sempre e cando estas actuacións sexan rexistradas pola entidade beneficiaria en contas contables do grupo de inmovilizado.

2. Permitirase subvencionar, con carácter extraordinario, actuacións que teñan como obxecto o seguinte gasto corrente:



- *Combustible e electricidade.*
 - *En relación ao combustible, para que os gastos derivados da respostaxe sexan subvencionables deberase acreditar a afectación á actividade subvencionada do vehículo ou medio de transporte, e este deberá figurar incluído no inventario de bens da entidade. Así mesmo, deberase ter en conta o establecido na cláusula décimo cuarta destas bases.*
- *Adquisición de semente de moluscos bivalvos.*
- *Gastos de persoal.*
- *Organización e desenvolvemento de xornadas divulgativas e promocionais dos produtos do mar, e de encontros sectoriais de convivencia e de fomento da igualdade.*
- *Roupa impermeable ou hidrotérmica para levar a cabo a actividade pesqueira-marisqueira.*
- *Caixas de porespán e plásticas non reutilizables, bolsas, sacos e láminas plásticas, traballos de pintura e reparacións de locais ou instalacións e outros similares.*

Quinta. Actuacións non subvencionables

Non será obxecto de subvención nesta convocatoria o detallado a continuación:

1. No caso de gastos en investimentos:

- a. *Os gastos que non teñan a natureza de investimentos, de acordo co establecido na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais (caixas de porespán e plásticas non reutilizables, bolsas, sacos e láminas plásticas, material funxible, traballos de pintura e reparacións en locais ou instalacións, roupa e calzado para persoal e outros similares).*
- b. *O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade, conforme ao artigo 31.8 da LXS.*
- c. *Móbiles e tabletas (cotas anuais, subscricións e cotas de mantemento de programas).*
- d. *Os gastos referidos a investimentos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.*

2. No caso de gastos correntes:

- a. *Os gastos que non se correspondan cos establecidos na convocatoria.*
- b. *O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade, de acordo co artigo 31.8 da LXS.*

Sexta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



Oitava. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF das persoas xurídicas solicitantes.*
- *NIF da persoa representante legal da asociación.*
- *Domicilio fiscal das entidades solicitantes.*
- *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e entregar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Documentación

En canto a investimentos, as entidades interesadas deberán entregar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da finalidade da subvención, na que se especifiquen:*
 - *As características técnicas dos equipos, as obras, o mobiliario...*
 - *O calendario de realización do investimento durante o ano 2026.*
 - *O número de postos de traballo que se van crear, no seu caso.*
 - *Se se trata dun investimento destinado ás mariscadoras.*
- b) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de corenta mil (40.000) euros sen IVE, no caso de execución de obras, ou de quince mil (15.000) euros sen IVE, para subministracións de bens de equipo, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas proveedoras antes de contratar o compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que o gasto se realizase antes da solicitude da axuda (artigo 31.3 da LXS). Esta situación deberase acreditar no expediente da subvención concedida.*

De realizarse obras, as entidades tamén deberán entregar:

- *Un orzamento da execución por capítulos ou unha memoria valorada coas unidades de obra desagregadas e co seu prezo unitario.*
- *Unha acreditación da titularidade do ben sobre o que se realizará o investimento ou un acordo de cesión, no seu caso.*
- *Informe ou certificación na que conste unha relación das autorizacións ou permisos necesarios para executar a obra.*
- *As autorizacións ou os permisos para executar a obra. No caso de que non se dispoña dos permisos ou das licenzas, deberá acreditarse a presentación das solicitudes ante os organismos correspondentes dentro do prazo de presentación de solicitudes e achegarse os permisos ou as licenzas na xustificación.*

En gastos correntes:

- a) A memoria explicativa da finalidade da subvención, sinalando se se trata de combustible e electricidade, adquisición de semente de moluscos bivalvos e gastos de persoal, na que se deberá especificar:*
 - 1. O tipo de combustible e se se destinará a vehículos, embarcacións ou instalacións en edificios.*
 - 2. Edificio ou instalación en que se realizará o consumo eléctrico.*



3. *En caso de sementes, o tipo e o seu lugar de destino.*
 4. *En gastos de persoal, a categoría do persoal, o número de persoas e o centro de traballo para o que se solicita subvención.*
 5. *Se se trata dun investimento destinado ás mariscadoras.*
- b) *O orzamento detallado das actuacións subvencionables no que se indiquen cantidades e prezos por unidades, asinado pola persoa representante da entidade.*
- c) *O calendario de realización dos gastos durante o ano 2026.*

A documentación complementaria deberá presentarse dixitalmente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algún dos documentos que se deba presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa entregados anteriormente. Para este efecto, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada que o presente ou, na súa falta, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenericos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian a usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenericos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente en <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Criterios para a valoración das solicitudes

- Número de socias e socios da entidade: ata 30 puntos

- De 0 a 50 ----- 10 puntos
- De 51 a 100 ----- 15 puntos
- De 101 a 300 ----- 20 puntos
- De 301 a 500 ----- 25 puntos
- Más de 500 ----- 30 puntos

- Porcentaxe de mulleres que integran os órganos reitores da entidade solicitante: ata 20 puntos

- Do 5 ao 9 % 2 puntos
- Do 10 ao 30 % 5 puntos
- Do 31 ao 49 %----- 8 puntos
- Do 50 ao 60 % 10 puntos
- Do 61 ao 80 % 15 puntos
- Máis do 80 % 20 puntos

- Adecuado cumprimento e xustificación da subvención da última anualidade na que presentou solicitude: ata 30 puntos

- Xustificación de menos do 20 % do orzamento ----- 0 puntos
- Xustificación do 21 ao 40 % do orzamento ----- 5 puntos
- Xustificación do 41 ao 60 % do orzamento ----- 10 puntos
- Xustificación do 61 ao 85 % do orzamento ----- 18 puntos
- Xustificación do 86 ao 95 % do orzamento ----- 25 puntos
- Xustificación do 96 ao 100 % do orzamento ----- 30 puntos

- Investimentos en proxectos para as mariscadoras: ata 20 puntos

- Si: 20 puntos
- Non: 0 puntos

Décimo terceira. Instrución do procedemento



A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos. Esta instrución comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a. Informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes de acordo cos criterios da base décima e se explique o sistema seguido.*
- b. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta, de conformidade co previsto nos artigos 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e 24 da LXS.*

Posteriormente, a Comisión de Valoración realizará un estudo do informe-proposta da xefa de servizo das solicitudes de subvención. Este órgano Colexiado estará composto por:

- Presidente: o deputado delegado da área de Medio Ambiente.*
- Vogais: dúas persoas integrantes do equipo técnico do Servizo de Medio Ambiente e unha do equipo técnico do Servizo de Intervención.*
- Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Medio Ambiente, que actuará sen voto.*

A Comisión de Valoración poderá:

- 1. Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- 2. Emitir un informe respecto ás solicitudes de subvención.*

Finalmente, a proposta de resolución elevarase á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva, segundo o disposto nas Bases de execución do Orzamento provincial e na lexislación vixente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada a solicitude de subvención por silencio administrativo.

Décimo cuarta. Xustificación e pago das subvencións

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizado o gasto ou a actividade, sempre antes do 31 de decembro de 2026, as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2027.

No caso de investimentos, o prazo para executar as actuacións e os investimentos poderá prorrogarse, en casos debidamente xustificadas, ata un máximo de tres (3) meses por acordo expreso do órgano competente, logo da solicitude das entidades interesadas.

Naqueles casos nos que se conceda a ampliación do prazo de execución, a ampliación do prazo de xustificación non poderá exceder a metade do establecido inicialmente, é dicir, un mes e medio, e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas.

Unha vez aprobadas as axudas, logo dos informes de Intervención, estas aboaráselles ás entidades solicitantes, tras a xustificación das accións realizadas, que deberán desenvolverse tendo en conta o establecido nos artigos 30 da LXS e 24 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, relativa á xustificación das subvencións públicas.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificadas co límite da subvención concedida.

Para pagar a subvención, terase en conta o seguinte:

- a) De xustificarse o 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- b) De xustificarse un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.



Para cobrar a subvención, as entidades receptoras deberán presentar, obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

- a) Conta xustificativa dos gastos, asinada pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, na que se determinará o custo do gasto total da finalidade subvencionada, se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e se indicará que os gastos especificados nela se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda.
- b) Xustificación, con nóminas, facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe da subvención concedida, na que se indiquen o número de unidades, os seus prezos unitarios e o custo total de cada unidade.
 - No caso de gastos derivados da repostaxe de combustible, a factura presentada deberá ser completa e estar expedida a nome da entidade beneficiaria; ademais, deberá incluír necesariamente a identificación do vehículo mediante a súa matrícula.
- c) Acreditación da debida divulgación por parte da confraría do financiamento da actividade ou do investimento subvencionado pola Deputación a través de anuncios en prensa, da páxina web, das redes sociais ou similares.
- d) Memoria xustificativa na que se detallen as actuacións realizadas.
- e) Xustificación dos ingresos ou do financiamento obtido para a mesma finalidade.
- f) Para cobrar a axuda concedida, a entidade receptora deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, situación que determinará de oficio a propia institución provincial.
- g) Na xustificación do gasto de obras requirirase a presentación do proxecto técnico cando sexa legalmente necesario.
- h) No caso de que non se dispoña dos permisos ou licenzas no momento da solicitude, deberán achegarse os permisos ou licenzas na xustificación.
- i) Para xustificar os gastos de persoal, por cada persoa traballadora e mes indicarse separadamente o total devindicado e o importe da Seguridade Social con cargo á confraría ou agrupación.

Producirase o reintegro ou perda do dereito ao cobramento, total ou parcial, da subvención nos supostos de falta de xustificación ou xustificación insuficiente, falta de achega da documentación requirida e demais causas previstas no artigo 37 da LXS.

Décimo quinta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias destas axudas comprométense a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou gozo da subvención.
- Cumprir coas medidas de publicidade e difusión previstas nestas bases.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo, non só económicos, coa institución provincial.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar a información que se lle requira no exercicio das actuacións anteriores.



- Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nas bases reguladoras das subvencións, co fin de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Cumprir coas demais obrigas previstas nestas bases ou calquera outra prevista na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Décimo sexta. Control e seguimento das subvencións

Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles ás empresas proveedoras preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar formas de pagamento que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade ou a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.

Os investimentos subvencionados deberán manterse durante un período mínimo de catro (4) anos. Este asunto poderá ser obxecto de comprobación polo centro xestor, así como polo servizo de control financeiro da Intervención provincial. O incumprimento deste requisito será causa de perda do dereito ao cobramento ou reintegro na parte correspondente ao importe subvencionado do investimento afectado.

O persoal técnico do Servizo de Medio Ambiente do organismo provincial velará por que se cumpran as condicións esixidas para a concesión das subvencións e se realicen correctamente as actuacións previstas. Para iso, no caso de investimentos, efectuaranse as inspeccións e comprobacións oportunas e reflectiranse no resultado do correspondente informe. Tamén se solicitará a información que se considere necesaria sobre as entidades beneficiarias das axudas.

Décimo sétima. Control financeiro

De acordo co establecido no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, a entidade beneficiaria estará suxeita ao control financeiro que se poida exercer, no prazo de catro (4) anos, contados desde o pagamento da subvención. O control financeiro terá por obxecto verificar a correcta obtención da subvención e o cumprimento das obrigas que lle corresponden á entidade beneficiaria, incluída a obriga de manter os investimentos por un período mínimo de catro (4) anos.

No control financeiro solicitarase que se achegue a relación de gastos e ingresos totais da actividade subvencionada, que deberá incluír os distintos conceptos do orzamento presentado coa solicitude e o resto de gastos que a entidade lle impute á actividade subvencionada, así como os rexistros contables correspondentes.

No caso de que o resultado do exercicio fose positivo, deberá reintegrar o importe resultante conforme á lexislación vixente, na que se dispón que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, por si soa ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.



Décimo oitava. Incumprimentos e responsabilidades

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décima sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Medio Ambiente requiriralle que a entregue no prazo improrrogable de quince (15) días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá o inicio do expediente de perda de dereito ao cobramento e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo novena. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases, rexerá o artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións, a LXS e a demais normativa de aplicación pertinente.

Vixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos, de acordo coas normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”

6.36297.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO DE 2026 (EXPTE. 2026006023)

As cooperativas teñen un gran peso na organización e na ordenación dos recursos agrogandeiros, e unha destacada importancia na estrutura socioeconómica da provincia de Pontevedra.

O cooperativismo conta cunha protección mesmo a nivel constitucional, como cabe inferir dos artigos 40 e 129, coa obriga de promover eficazmente as diversas formas de participación na empresa e de fomentar, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas, así como a de establecer os medios que faciliten o acceso das e dos traballadores á propiedade dos medios de produción.



As cooperativas son recoñecidas como entidades de economía social, segundo o previsto no artigo 6 da Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia, cuxa finalidade é recoñecer, fomentar e impulsar as devanditas entidades para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.

Respecto expresamente das entidades locais, a Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia, no seu artigo 14.4 sinala que *“a administración local, as universidades e o conxunto de entidades públicas procurarán a promoción da economía social dentro das súas actuacións”*, constituíndo así un fundamento xurídico para actuar nesta materia, tendo en conta, ademais que, segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local (LRBRL), sinala como competencia propia das deputacións *“a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”*.

A Deputación de Pontevedra, consciente da importancia do movemento cooperativista e do asociacionismo para o desenvolvemento do sector agrogandeiro provincial, dálle continuidade a esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar investimentos que melloren os servizos que leven a cabo no ano 2026.

Tendo en conta os informes favorables sobre as *“Bases reguladoras de subvencións dirixidas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra para investimentos durante o exercicio de 2026”* da xefa do Servizo de Medio Ambiente, do 02.03.2026, da Secretaría do 03.03.2026 e da Intervención do 17.03.2026, nunha contía total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00) €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4120.789.00 do vixente Orzamento provincial.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido nas base 16.2 c) das Bases de execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as *“Bases reguladoras de subvencións dirixidas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra para investimentos durante o exercicio de 2026”*, por concorrencia competitiva, que din o seguinte:

“BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO DE 2026

As cooperativas teñen un gran peso na organización e na ordenación dos recursos agrogandeiros, e unha destacada importancia na estrutura socioeconómica da provincia de Pontevedra.

O cooperativismo conta cunha protección mesmo a nivel constitucional, como cabe inferir dos artigos 40 e 129, nos que se establece a obriga de promover eficazmente as diversas formas de participación na empresa e de fomentar, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas, así como a de establecer os medios que faciliten o acceso das e dos traballadores á propiedade dos medios de produción.



Pola súa banda, a Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsalas para cumprir os fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.

Destaca a mención expresa, no seu artigo 14.4, ás entidades locais: “a Administración local, as universidades e o conxunto de entidades públicas procurarán a promoción da economía social dentro das súas actuacións”. Isto constitúe un primeiro e cualificado título de intervención nesta materia.

Ademais, as empresas de economía social, e singularmente as cooperativas, demostraron a súa capacidade de resistencia ás crises, de creación de emprego estable e de calidade, de vinculación co territorio e de mellora do benestar social, polo que resulta procedente activar suficientemente as súas potencialidades de emprendemento e autoemprego.

Desde o punto de vista competencial, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso e entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra, consciente da importancia do movemento cooperativista e do asociacionismo para o desenvolvemento do sector agrogandeiro provincial, dálle continuidade a esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar investimentos que melloren os servizos que leven a cabo no ano 2026.

Estas subvencións rexeranse igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 249 do 30 de decembro de 2016, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto xeral destas bases definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións ás cooperativas agrogandeiras legalmente constituídas da provincia de Pontevedra que outorgue a Deputación, segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva.

Segunda. Financiamento

Estas axudas contan cun crédito total de trescentos cincuenta mil euros (350.000 €) e convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4120.789.00.

A porcentaxe máxima subvencionable será do 65 % dos custos subvencionables, sen prexuízo de que sexan compatibles con outras axudas recibidas doutros organismos, e a súa concorrencia en ningún caso poderá superar o custo total do investimento.

Limitacións:

- *Importe do orzamento subvencionable de gastos da actividade: máximo de setenta mil euros (70.000 €).*
- *Importe da subvención: mínimo de seiscientos euros (600 €) e máximo de corenta e cinco mil cincocentos euros (45.500 €).*

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderá solicitar estas axudas calquera cooperativa agrogandeira legalmente constituída da provincia de Pontevedra.



As entidades beneficiarias non deberán estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da LXS, e deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Cuarta. Actuacións subvencionables

Son actuacións susceptibles de axuda as que apoiem as entidades agrogandeiras en investimentos destinados á recuperación e posta en valor dos recursos agrarios endóxenos de carácter agrícola e gandeiro que teñan como obxecto:

- a) Investimentos para mellorar os servizos que presta a cooperativa:
- Axudas para adquirir terreos, para maquinaria agrícola, obras, construcións, equipos, instalacións, melloras en edificios e os seus accesos, equipos e sistemas informáticos, mobiliario e outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos que prestan estas entidades.*
- b) A comercialización, a transformación e a valorización das producións.*
- c) A formación técnica e o asesoramento para desenvolver proxectos de investigación e innovación tecnolóxica.*
- d) O uso das novas tecnoloxías e das enerxías renovables e o aforro enerxético.*

As axudas para maquinaria agrícola non serán compatibles con outras para o mesmo fin outorgadas por outra Administración pública.

As actuacións referidas deben ser rexistradas pola entidade beneficiaria en contas contables do grupo de inmovilizado.

Quinta. Actuacións non subvencionables

Non será obxecto de subvención nesta convocatoria o seguinte:

- a) Os gastos que non teñan natureza de investimentos, de acordo co establecido na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais (por exemplo: caixas de polistireno expandido, caixas plásticas non reutilizables, bolsas e láminas plásticas, material funxible, traballos de pintura e reparacións en locais ou instalacións, roupa e calzado de traballo, e outros similares).*
- b) O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade, conforme ao artigo 31.8 da LXS.*
- c) Móviles e tabletas (cotas anuais, subscricións e cotas de mantemento de programas).*
- d) Os gastos referidos a investimentos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.*
- e) As actuacións que non teñan como finalidade a prestación de servizos ás súas persoas socias.*

Sexta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación de solicitudes a Sede electrónica da Deputación admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



Oitava. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF das persoas xurídicas solicitantes.*
- *NIF da persoa representante legal da asociación.*
- *Domicilio físcal das entidades solicitantes.*
- *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e entregar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Copia dos estatutos da entidade.*
- Memoria do investimento que se vai a realizar, na que se especifiquen:*
 - *As características técnicas dos equipos, as obras, os estudos técnicos e o mobiliario.*
 - *Unha breve descrición do investimento, que permitirá comprobar que é subvencionable nesta convocatoria.*
 - *O calendario de realización do investimento durante o ano 2026.*
- Resumo do balance anual de perdas e ganancias da cooperativa.*
- Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de corenta mil euros (40.000 €) sen IVE, no caso de execución de obras, ou de quince mil euros (15.000 €) sen IVE, para subministracións de bens de equipo, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas provedoras antes de contratar o compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que o gasto se realizase antes da solicitude da axuda (artigo 31.3 da LXS). Esta situación deberase acreditar no momento de solicitar a subvención.*

Se se van realizar obras, as entidades tamén deberán entregar:

- *Un orzamento da execución por capítulos ou unha memoria valorada coas unidades de obra desagregadas e o seu prezo unitario.*
- *Unha acreditación da titularidade do ben sobre o que se realizará o investimento ou un documento público de acordo de cesión (mínimo de cinco anos), no seu caso.*
- *Informe ou certificación na que conste unha relación das autorizacións ou os permisos necesarios para executar a obra.*
- *Autorizacións ou permisos para executar a obra. No caso de que non se dispoña dos permisos ou licenzas, deberá acreditarse a presentación das solicitudes ante os organismos correspondentes dentro do prazo de presentación de solicitudes e achegarse os permisos ou licenzas na xustificación.*
- *Se as obras superasen os cincuenta mil euros (50.000 €), presentarase unha reportaxe fotográfica do estado antes de que estas comecen, segundo o establecido no artigo 15.5 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.*

De adquirirse terras:



- Un documento de compromiso de adquisición, precontrato ou similar, ou unha acreditación da adquisición cunha copia dixitalizada do documento de compra.

A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa entregados anteriormente. Para este efecto, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada que o presente ou, na súa falta, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian empregar non estableza outros específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo segunda. Criterios para a valoración das solicitudes

— *Número de persoas asociadas (ata 20 puntos):*

- *De 1 a 25 3 puntos*
- *De 26 a 50 6 puntos*
- *De 51 a 75 9 puntos*
- *De 76 a 100 12 puntos*
- *De 101 a 150 15 puntos*
- *De 151 a 200 18 puntos*
- *Más de 200 20 puntos*

— *Volume de facturación da cooperativa (ata 15 puntos):*

- *Ata 75.000 € 2 puntos*
- *De 75.001 a 125.000 € 4 puntos*
- *De 125.001 a 250.000 € 6 puntos*
- *De 250.001 a 500.000 € 8 puntos*
- *De 500.001 a 1.000.000 € 10 puntos*
- *De 1.000.001 a 1.500.000 € 12 puntos*
- *De 1.500.001 a 2.500.000 € 14 puntos*
- *Más de 2.500.000 € 15 puntos*

— *Porcentaxe de mulleres que integran os órganos reitores da entidade solicitante (ata 15 puntos):*

- *Do 20 ao 39 % 5 puntos*
- *Do 40 ao 49 % 8 puntos*
- *Do 50 ao 60 % 12 puntos*
- *Máis do 60 % 15 puntos*

— *Investimentos en proxectos innovadores (ata 10 puntos):*

- *Si é innovador 10 puntos*
- *Non é innovador 0 puntos*

— *Adequado cumprimento e xustificación da subvención da última anualidade na que se presentou solicitude (ata 40 puntos):*

- *Cumprimento e xustificación do 100 % do orzamento 40 puntos*
- *Cumprimento e xustificación do 50 % do orzamento 20 puntos*
- *Cumprimento do 21 ao 49 % do orzamento 10 puntos*
- *Cumprimento do 20 % ou inferior 0 puntos*

Décimo terceira. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos. Esta instrución comprende as seguintes actividades ou fases:

- a. Informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios da base décima e se explique o sistema seguido.*



- b. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS.

Posteriormente, a Comisión de Valoración realizará un estudo do informe-proposta da xefa de servizo das solicitudes de subvención. Este órgano Colexiado estará composto por:

- Presidente: o deputado delegado da área de Medio Ambiente.
- Vogais: dúas persoas integrantes do equipo técnico do Servizo de Medio Ambiente e unha do equipo técnico do Servizo de Intervención.
- Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Medio Ambiente, que actuará sen voto.

A Comisión de Valoración poderá:

- a) Solicitar cuantos informes estime necesarios para resolver.
- b) Emitir un informe respecto das solicitudes de subvención.

Finalmente, a proposta de resolución elevarase á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva, segundo o disposto nas Bases de execución do Orzamento provincial e na lexislación vixente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Décimo cuarta. Xustificación e pagamento das subvencións

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizado o investimento ou a actividade, sempre antes do 31 de decembro de 2026, as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2027.

O prazo para executar as actuacións e os investimentos poderá prorrogarse, en casos debidamente xustificadas, ata un máximo de tres (3) meses, por acordo expreso do órgano competente e logo da solicitude por parte das entidades interesadas.

Naqueles casos nos que se conceda a ampliación do prazo de execución, a ampliación do prazo de xustificación non poderá exceder a metade do establecido inicialmente, é dicir, un mes e medio, e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas.

Unha vez aprobadas as axudas, cos informes previos de Intervención, estas aboaráselles ás entidades solicitantes, tras a xustificación das accións realizadas, que deberán adecuarse ao establecido nos artigos 30 da LXS e 24 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, relativa á xustificación das subvencións públicas.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- a) Se se xustifica o 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- b) Se se xustifica un gasto inferior ao 100 %, aboarase a súa parte proporcional.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Para cobrar a subvención as entidades perceptoras deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

- a) Conta xustificativa dos gastos, asinada pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, na que se determinará o custo do gasto total da finalidade subvencionada, se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e se indicarán que os gastos especificados nela se aplicaron á finalidade para a que se conceden a axuda.



- b) *Xustificación, con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe da subvención concedida, na que se indiquen cada factura, o número de unidades, os seus prezos unitarios e o custo total de cada unidade.*
 - c) *Acreditación da debida divulgación por parte da entidade beneficiaria do financiamento da actividade ou o investimento subvencionado pola Deputación a través de anuncios en prensa, da páxina web, das redes sociais ou similares.*
 - d) *Memoria xustificativa na que se detallan as actuacións realizadas.*
 - e) *Xustificación dos ingresos ou financiamento obtido para a mesma finalidade.*
 - f) *Para cobrar a axuda concedida, a entidade perceptora deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, situación que determinará de oficio a propia institución provincial.*
 - g) *Na xustificación do gasto de obras requirirase a achega do proxecto técnico cando sexa legalmente necesario.*
- b) *No caso de que non se dispuxese dos permisos ou licenzas no momento da solicitude, estes deberán achegarse na xustificación.*

Décimo quinta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias destas axudas comprométense a:

- *Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
- *Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou gozo da subvención.*
- *Cumprir coas medidas de publicidade e difusión previstas nestas bases.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar a información que se lle requira no exercicio das actuacións anteriores.*
- *Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- *Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos estipulados na lexislación mercantil e sectorial aplicable a entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nas bases reguladoras das subvencións, co fin de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*
- *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- *Cumprir coas demais obrigas previstas nestas bases ou calquera outra prevista na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*

Décimo sexta. Control e seguimento das subvencións

O importe dos gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles ás empresas provedoras preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.



As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar formas de pagamento que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade ou a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.

Os investimentos subvencionados deberán manterse durante un período mínimo de catro (4) anos. Este asunto poderá ser obxecto de comprobación polo centro xestor, así como polo servizo de control financeiro da Intervención provincial. O incumprimento deste requisito será causa de perda do dereito ao cobramento ou reintegro na parte correspondente ao importe subvencionado do investimento afectado.

O persoal técnico do Servizo de Medio Ambiente do organismo provincial velará por que se cumpran as condicións esixidas para a concesión das subvencións e se realicen correctamente as actuacións previstas. Para iso, efectuaranse as inspeccións e comprobacións oportunas e reflectirase o resultado no correspondente informe. Tamén se solicitará a información que se considere necesaria sobre as entidades beneficiarias das axudas.

Décimo sétima. Control financeiro

De acordo co establecido no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, a persoa beneficiaria estará suxeita ao control financeiro que se poida exercer, no prazo de catro (4) anos, contados desde o pagamento da subvención. O control financeiro terá por obxecto verificar a correcta obtención da subvención e o cumprimento das obrigas correspondentes á persoa beneficiaria, incluída a obriga de mantemento dos investimentos por un período mínimo de catro (4) anos.

No control financeiro solicitarase que se achegue a relación dos gastos e ingresos totais da actividade subvencionada, que deberá integrar os distintos conceptos do orzamento presentado coa solicitude e cos demais gastos que a entidade lle impute á actividade subvencionada, así como os rexistros contables correspondentes.

Décimo oitava. Incumprimentos e responsabilidades

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décima sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Medio Ambiente requiriralle que a entregue no prazo improrrogable de quince (15) días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá o inicio do expediente de perda de dereito ao cobramento e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo novena. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases, rexerá o artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións, a LXS e a demais normativa de aplicación pertinente.

Vixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria reemitiráselle á BDNS para a súa publicación nela.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.



A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”

7.36298.- APROBACIÓN DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DE: CAMBADOS, MEIS, NIGRÁN, SALCEDA DE CASELAS, PAZOS DE BORBÉN, PONTECESURES, RODEIRO E VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS (EXPTE. 2026004285)

Primeiro.- Mediante acordo nº 4.35966 da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 16 de xaneiro de 2026, foi aprobado o “Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, expte nº 2025077297. Dito convenio foi modificado mediante acordo nº 3.36052 da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada en data 13 de febreiro de 2026, e posteriormente rectificada, a redacción da cláusula décima do convenio, mediante acordo nº 46.36207 da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2026.

Segundo.- Para a formalización do devandito convenio de colaboración, os concellos interesados deben proceder a súa aprobación, así como á sinatura do modelo de carta de adhesión pola persoa representante de cada concello e tamén teñen que estar adheridos á Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos, durante o período de duración do convenio.

Terceiro.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións do convenio, xunto coas cartas de adhesión dos seguintes concellos: Concello de Cambados, Concello de Meis, Concello de Nigrán, Concello de Salceda de Caselas, Concello de Pazos de Borbén, Concello de Pontecesures, Concello de Rodeiro e Concello de Vilanova de Arousa.

Cuarto.- A aprobación dos convenios xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2025064680.

Vistas as dilixencias de conformidade da Intervención Xeral de data 27 de febreiro de 2026 e 20 de marzo de 2026.



Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar os presentes convenios, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar os convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os seguintes concellos: Concello de Cambados, Concello de Meis, Concello de Nigrán, Concello de Salceda de Caselas, Concello de Pazos de Borbén, Concello de Pontecesures, Concello de Rodeiro e Concello de Vilanova de Arousa, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

Segundo.- Aprobar as liquidacións anuais, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do devandito convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

	ENTIDADE LOCAL	POBOACIÓN	PAGAMENTO POR ENTIDADE
1	CONCELLO DE CAMBADOS	13.787	609,51 €
2	CONCELLO DE MEIS	4.668	203,17 €
3	CONCELLO DE NIGRÁN	18.174	609,51 €
4	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	9.409	406,34 €
5	CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN	3.046	203,17 €
6	CONCELLO DE PONTECESURES	3.076	203,17 €
7	CONCELLO DE RODEIRO	2.232	203,17 €
8	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	10.159	609,51 €

Cuarto.- Facultar ó presidente para a formalización dos mencionados convenios mediante a súa sinatura.



8. 36299.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE ADECUACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO A GRANXA, NO CONCELLO DE MOAÑA” (EXPTE. 2026000218)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Moaña o importe que lle corresponde é de 196.452,35€.
- En data 02/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000143.pdf) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 196.452,35€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Proxecto de adecuación do campo de fútbol de Domaio A Granxa, no concello de Moaña”, cun orzamento por importe de 492.702,88€ dos cales 196.452,35€ son subvencionables e 296.250,53€ de achega municipal, debe quedar condicionada á presentación da devandita autorización sectorial, a aprobación do proxecto e acta de trazado previo, sendo imprescindible que as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 17/02/2026.



- Así mesmo na data 17/02/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 10/03/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Moaña relativa ao financiamento do investimento denominado “*Proxecto de adecuación do campo de fútbol de Domaio A Granxa, no concello de Moaña*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 196.452,35€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, elévase á Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Moaña, CIF P3602900G, a cantidade de 196.452,35€ con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de adecuación do campo de fútbol de Domaio A Granxa, no concello de Moaña*” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento por importe de 492.702,88€ dos cales 196.452,35€ son subvencionables e 296.250,53€ de achega municipal, debe quedar condicionada á presentación da devandita autorización sectorial, a aprobación do proxecto e acta de trazado previo, sendo imprescindible que as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.



A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello do Moaña, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9. 36300.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE NIGRÁN, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN CÉSPED ARTIFICIAL Y MEJORA INSTALACIONES CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL CONDOMINGUEZ” (EXPTE. 2026000504)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Nigrán o importe que lle corresponde é de 189.491,55 euros.



- En data 05/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2026000436) dunha petición do Concello de Nigrán, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 189.491,55 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “Renovación césped artificial y mejora instalaciones campo de fútbol municipal Condominguez”, cun orzamento total de 334.851,04 euros dos que o Concello comprométese a financiar os 145.359,49 euros restantes.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 10/02/2026.
- Así mesmo, o 10/02/2026 o xefe de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 11/03/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Nigrán relativa ao financiamento do investimento denominado “Renovación césped artificial y mejora instalaciones campo de fútbol municipal Condominguez” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 189.491,55 €.



O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder Ao Concello De Nigrán, CIF P3603500D A Cantidade De 189.491,55 € Con Destino Ao financiamento do investimento “Renovación césped artificial y mejora instalaciones campo de fútbol municipal Condominguez” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento total de 334.851,04 euros dos que o Concello comprometése a financiar os 145.359,49 euros restantes.
A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95/2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Nigrán, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

10.36301.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026011943)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE TOMIÑO					
Data de presentación:		27/02/2026 (registro WEB2026013312)			
Data de emenda:		12/03/2026 (registro WEB2026019024)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
19	4 peóns de xardinería, 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción, 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras, 1 técnico/a administrativo/a e 1 traballador/a social a xornada completa durante 9 meses; 2 peóns de obras públicas e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal/biólogo/profesional da protección ambiental a xornada completa durante 8 meses e 8 peóns de xardinería a xornada completa durante 7 meses	311.198,47 €	303.837,23 €	35.221,81 €	275.976,66 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE TOMIÑO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	275.976,66 €



- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada



completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 2PGP1MP8QZBIOT6E) e do informe de Intervención (CSV: FJVM07B86WSS87YD), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Tomiño (CIF P3605400E) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe conceder a
Tomiño (P3605400E)	19	4 peóns de xardinería, 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción, 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras, 1 técnico/a administrativo/a e 1 traballador/a social a xornada completa durante 9 meses; 2 peóns de obras públicas e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal/biólogo/profesional da protección ambiental a xornada completa durante 8 meses e 8 peóns de xardinería a xornada completa durante 7 meses	275.976,66 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

11.36302.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE POIO, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2025, COB XECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “MELLORA DO FIRME EN CAMIÑO DA ESCOLA-COMBARRO” (EXP: 2026008771)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:



- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025- Liña – Investimentos, dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 6.35336 de data 13/06/2025, concedéuselle ao *concello de POIO*, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, unha subvención por importe de 63.519,48 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal da anualidade 2025 do convenio asinado entre a entidade municipal e Augas de Galicia do investimento “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS” (exp.:2025004336), en base a un orzamento que ascendía ao importe de 356.788,96 euros.
- En data 17/03/2026, mediante resolución presidencial núm. RP2026002240, trala petición formulada polo concello, acéptase a desistencia do *concello de POIO* á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimentos salientado no paragrafo anterior “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS” (exp: 2025004336) deixando en dispoñible na aplicación orzamentaria 2026/942.9425.762.45.25 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 63.519,48 euros para o financiamento de novas actuacións que pretende acometer o *Concello*.
- Neste contexto, en data 18/02/2026 por rexistro WEB2026010324, o *concello de POIO*, presenta solicitude de subvención por cambio de finalidade, encadrada na liña 1 do Plan + Provincia 2025, por importe de 63.517,78 euros, con destino ao financiamento da actuación “MELLORA DO FIRME EN CAMIÑO DA ESCOLA-COMBARRO”, cun orzamento que importa 63.517,78 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2025	63.517,78	63.517,78	0,00	0,00

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE



- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025- Liña – Investimentos que dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 05/03/2026 e do Xefe do Servizo de Cooperación de data 17/03/2026 que informa favorablemente a tramitación da concesión da subvención por cambio de aplicación, e o informe favorable da Intervención Provincial de data 17/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de POIO (CIF.:P3604100B), por cambio de finalidade, a cantidade de 63.517,78 euros, con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DO FIRME EN CAMIÑO DA ESCOLA-COMBARRO” (exp: 2026008771) cun orzamento que ascende a 63.517,78, distribuída segundo a seguinte táboa:



ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOÜTRAS ADMINIST RACIONES	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2024	63.517,78	63.517,78	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45.25 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de POIO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.36303.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MACEIRA E BARCIADEMERA”, INCLUÍDO NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE COVELO (EXPEDIENTE: 2025020499).

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- En data 09/05/2025, mediante acordo da Xunta de Goberno número 7.35179, concedeuse ao *concello de Covelo*, unha subvención por importe de 64.242,79 euros, para o financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MACEIRA E BARCIADEMERA (COVELO)” (expediente: 2025020499), cun orzamento total, incluídos honorarios técnicos, polo mesmo importe de 64.242,79 euros.



- A concesión quedou condicionada a obtención das autorizacións sectoriais do servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación e da Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas (AXI), así como, á presentación da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (Anexo III).
- En data 02/02/2026 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2026006570, instancia do *concello de Covelo* na que solicita un cambio de proxecto na subvención concedida.
- En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
- O *Concello* expón a necesidade de redactar un novo proxecto para atender ao requirimento realizado polo Servizo Provincial de Pontevedra da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) na tramitación da correspondente solicitude de autorización sectorial.
- O novo documento técnico, aprobado polo órgano competente e adaptado á nova situación, no supón unha minoración do seu orzamento, nin da subvención concedida inicialmente, non se altera a finalidade pretendida, se presenta antes de que inicie a licitación do proxecto subvencionado acollido no Plan + Provincia 2025, e que co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros
- O *Concello* ademais da aprobación do proxecto, achega a acta de trazado previo (Anexo III) e as autorizacións sectoriais do servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación e da Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas (AXI).
- A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 16/03/2026.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico



de Cooperación de data 16/03/2026 e do xefe do servizo de Cooperación de data 16/03/2026 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 18/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a modificación do proxecto técnico aportado inicialmente e que figura no expediente, polo novo documento técnico, presentado en data 02/02/2026 co rexistro de entrada WEB2026006570, que rexerá a execución do investimento “PAVIMENTACIÓN CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MACEIRA E BARCLADEMERA” (expediente: 2025020499), sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, nin o importe do orzamento e subvención concedida mediante o acordo adoptado na Xunta de Goberno número 7.35179 do día 9 de xuño de 2025.
- O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno número 7.35179 do día 9 de xuño de 2025, excepto nos condicionantes que quedan resoltos coa incorporación do novo documento técnico. Non obstante, mantense o condicionante relativo á necesidade de presentar comunicación previa ó inicio das obras ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Covelo*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete de Presidencia.

13.36304.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, OS CONCELLOS DE PORTAS, MORAÑA E CAMPO LAMEIRO E A “UTE XG-814”, “UTE XG-817” E “UTE XG-860” PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO PILOTO DE TRANSPORTE PÚBLICO OPTIMIZADO EN 3 MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PORTAS, MORAÑA E CAMPO LAMEIRO) DENTRO DO PROXECTO “+MOBE: MOBILIDADE RURAL, SOSTIBLE E INCLUSIVA EN PONTEVEDRA (EXPT. 2026002671)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 11/04/2025, con numero de rexistro 2025006161, recíbese no rexistro da Deputación a notificación da concesión da axudas ao abeiro da Orde do 27 de xuño de 2024 para o proxecto “+ MOBE: Mobilidade rural, sostible e inclusiva en Pontevedra”; sendo o importe da axuda concedida de 500.000,00 euros para un investimento total de 555.555,55 euros.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 16 de maio de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 13.35223.- aceptación da axuda concedida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico ao proxecto denominado “+ MOBE: Mobilidade rural, sostible e inclusiva en Pontevedra”.



No citado proxecto, prevese a configuración dun servizo piloto de transporte público optimizado en tres municipios reto demográfico (Portas, Moraña e Campo Lameiro), de carácter temporal, dirixido especificamente a mellorar a mobilidade nas zonas rurais da provincia (liña de actuación 2).

Terceiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transporte terrestre que se desenvolva no integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia integra a Dirección Xeral de Mobilidade na estrutura da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Pola súa parte, o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á indicada consellería as competencias na elaboración, a proposta e a execución da política do Goberno galego en materia de mobilidade.

Cuarto.- A Deputación Provincial de Pontevedra ten competencias propias para prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión, de acordo co disposto no artigo 109 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia e no artigo 36 da Lei de bases do réxime local. Neste sentido, o art. 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, prevé a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e os termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

Ademais, o art. 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

No marco destas competencias, a Deputación pode promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público, consonte establece o artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Quinto.- Os concellos asinantes son titulares das competencias, tanto en materia de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia e no artigo 25.2.g) da Lei de bases de réxime local. Igualmente, consonte co artigo 72 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, respecto dos tráfico dos seus ámbitos territoriais, os concellos posúen competencias da planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción dos servizos de transporte público de persoas de ámbito local.



Sexto.- A UTE XG-814, é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG814, Centro da comarca do Salnés, concesión que inclúe os tráxicos entre os concellos de Portas e Pontevedra, así como os desprazamentos internos dentro de cada termo municipal.

A UTE XG-817, é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG817, Eixo Atlántico e conexións con Lugo, Lalín e Fisterra, con anexos, concesión que inclúe os tráxicos entre os concellos de Moraña e Pontevedra, así como os desprazamentos internos dentro de cada termo municipal.

A UTE XG-860, é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG860, Comarca de Tabeirós-Terra de Montes, concesión que inclúe os tráxicos entre os concellos de Campo Lameiro e Pontevedra, así como os desprazamentos internos dentro de cada termo municipal.

Consonte co que se establece no apartado 3.6.3.3 e 3.6.3.2 dos pregos de condicións polo que rexen as indicadas concesións, prevese a implantación de incremento de servizos por iniciativa de terceiros, e a súa asunción por parte das concesionarias como incremento de servizos pola súa propia iniciativa, incrementos que deberán ser autorizados pola Administración, con expresa referencia aos incrementos que se produzan como consecuencia dos acordos, en forma de convenios, contratos-programa, entre outros, que poidan acordar o adxudicatario e outras Administracións Públicas ou entidades do Sector Público para implantar novos servizos que formen parte do obxecto do contrato por desenvolverse sobre as liñas previstas nel ou na súa inmediata proximidade, como é o caso do servizo piloto de transporte público interurbano de carácter temporal obxecto do presente convenio.

Sétimo.- Neste sentido, informe facultativo da letrada da Xunta de Galicia, de data 08/10/2025, referente ao proxecto + MOBE impulsado pola Deputación de Pontevedra, indica que: *“A competencia para a prestación do servizo público de transporte interurbano corresponde á Administración Autonómica. Consecuentemente, os servizos de transporte promovidos pola Deputación de Pontevedra, ao excederen o ámbito territorial dun único termo municipal, deben integrarse no marco xurídico vixente das concesións do servizo público de transporte interurbano de titularidade e competencia da Xunta de Galicia”*.

Ademais, recolle que *“A solicitude presentada pola Deputación de Pontevedra debe necesariamente axustarse ao disposto nos pregos que rexen os contratos do servizo público de transporte interurbano, de competencia da Xunta de Galicia, dado que calquera actuación fóra dese marco contractual vulneraría os principios de legalidade e seguridade xurídica que rexe a contratación pública”*.

Por último indica, *“De acordo co anterior o incremento de servizo deberá contar, conforme a o estipulado nos contratos vixentes, coa correspondente autorización por parte da Administración. Non existe impedimento para que dita autorización se materialice mediante a participación da Administración na sinatura do convenio en cuestión. Esta fórmula, ademais, permite a integración da explotación dos novos servizo no sistema tarifario unificado establecido para o conxunto do transporte público de Galicia, coa particularidade de que a Deputación é quen vai asumir a totalidade do custo do servizo.*



Tendo en conta que o obxecto de dito proxecto é mellorar a mobilidade e a conexión dos concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro con Pontevedra, a través da creación de tres rutas de transporte público para garantir a conexión cos principais servizos esenciais e de proximidade incluíndo lanzadeiras a servizos esenciais como o Hospital Universitario Montecelo, esta Asesoría considera que a solución máis acorde é a instrumentalización dun convenio de colaboración entre as concesionarias, os concellos implicados, a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia sendo compatible esta solución co réxime contractual das concesións vixentes.”.

Oitavo.- Neste marco de colaboración, A Deputación Provincial de Pontevedra, presentou unha solicitude de subvención para o proxecto denominado «+MOBE: Mobilidade Rural Sostible e Inclusiva en Pontevedra», dirixido a mellorar a mobilidade nas zonas rurais da provincia mediante a posta en marcha de novos servizos de transporte público que conecten os concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro.

Noveno.- En data 12/01/2026, e número de rexistro de entrada 2026000421, recíbese autorización do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para realizar a actuación denominada “Liña de actuación 2: Servizo piloto de transporte público optimizado en tres municipios do reto demográfico (LA2)” mediante Convenio de colaboración cas Unións Temporais de Empresas seguintes: UTE XG-814 con CIF: U01870971, UTE XG-817 con CIF: U02740652, UTE XG860 con CIF: U01891837, e cos concellos de Portas con CIF: P3604000D, concello de Moraña con CIF: P3603200A e concello de Campo Lameiro con CIF: P3600700C por un importe máximo de 438.277,77 euros.

Décimo.- O obxecto da cooperación interadministrativa é desenvolver durante os anos 2026 e 2027, un programa piloto de mobilidade rural sostible e inclusiva para cubrir as necesidades de circulación e desprazamento de veciños e veciñas dos concellos piloto de Portas, Moraña e Campo Lameiro, entres os tes concellos e a capital provincial, núcleo onde se concentra a maioría dos servizos sanitarios.

O servizo piloto busca demostrar a viabilidade dun sistema de transporte rural máis tradicional, mediante o establecemento de roteiros e horarios eficientes e optimizados, establecéndose as seguintes rutas circulares con paradas en parroquias intermedias entre orixe e destino:

Portas – Pontevedra – Montecelo Hospital – Portas

Moraña – Hospitais de Pontevedra – Moraña

Campo Lameiro – Hospitais de Pontevedra – Campo Lameiro

As rutas deseñadas son de carácter circular, e conectarían cada un dos concellos cos centros hospitalarios de referencia da súa Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, no distrito sanitario de Pontevedra.

Os tres concellos teñen menos de 5.000 habitantes cada un, sumando en total arredor de 8.700 habitantes, e cuns elevados índices de dispersión xeográfica, envellecemento e taxa de dependencia. Os tres están incluídos no Sistema de Datos Integrados Municipais (SIDAMUN) como concellos do reto demográfico da provincia de Pontevedra.



Décimo primeiro.- A cooperación entre as Administracións e demais participantes, encádrase na prioridade sectorial de Transporte e Mobilidade, enfocándose en mellorar os desprazamentos das persoas en zonas desfavorecidas, conectando estas áreas rurais con núcleos urbanos de referencia e centros loxísticos. Ten como razón de ser na necesidade de abordar os desafíos de mobilidade nas zonas do reto demográfico da provincia de Pontevedra mediante a posta en marcha dun piloto de liñas de autobuses nos concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro que permitan testar solucións sostibles e innovadoras que melloran a accesibilidade, fomentan o desenvolvemento económico, reducen a desigualdade social, promoven a sustentabilidade ambiental e reforzan a revitalización do rural da provincia, obxectivos todos eles que xustifican o interese público da actuación.

Todo o anterior xustifica a intervención da Deputación de Pontevedra nesta materia por afectar directamente ao círculo do seus intereses e así desenvolver a competencia provincial de cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación co disposto no artigo 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia), dando cumprimento aos principios de proximidade e descentralización, entre outros.

Atendendo a todo o que antecede, a presente proposta de convenio clasifícase como un convenio administrativo entre dúas administracións públicas. Así mesmo, a proposta de convenio cumpre co establecido no artigo 47 a 53 da LRXSP.

Décimo segundo.- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada polos concellos cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 4/03/2026 (CSV: RX4CKM64B2TOM25W); o informe do xefe de Servizo de Cooperación de data 13/03/03 (CSV: R7QITQIOL1KG5JDU) no relativo ó interese público dos investimentos, a non preceptividade de informe da Secretaría Xeral, e o informe da Intervención Provincial de fiscalización favorable do expediente de data 24/03/2026 (CSV: DD15XYRF2LYZLNQ3W), agás no que se refire ao risco de perda do dereito ao cobro da axuda concedida, debendo quedar condicionada a eficacia do acordo á previa aprobación do convenio polo órgano competente da Xunta de Galicia e posterior sinatura do mesmo por todas as partes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 25 de outubro de 2024 e publicada no BOPPO do 27 de decembro de 2024
- Bases de execución do orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 36.1.d) da LRBRL, que atribúe ás Deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Pola súa parte, o artigo 109 da LALGA encoméndalles en xeral as deputacións, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2026, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigos 47 e seguintes da LRXSP que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.



- Artigo 2 da LXS, polo que na súa virtude a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención; neste senso o artigo 22.2 sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. No presente convenio xustifícase o interese público desta actuación en base ás competencias da Deputación en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, tendo como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio municipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia, conforme o establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E especificamente o artigo 36.1.d) que establece como competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas demais Administracións Públicas neste ámbito.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións, ó interese público que representa esta actuación e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, a Deputación de Pontevedra, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, os concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro, e as UTES “XG-814”, “XG-817” e “XG-860” conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración para levar a cabo a implantación dun servizo piloto de transporte público optimizado en tres municipios Reto Demográfico (Porta, Moraña e Campo Lameiro), dentro do proxecto “+MOBE: MOBILIDADE RURAL, SOSTIBLE E INCLUSIVA EN PONTEVEDRA”.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

Os concellos sinalados, presentaron a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Toda vez que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, non aprobou o texto do convenio, procede a súa aprobación condicionada á aprobación do mesmo polo órgano competente.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, Informo Favorablemente a tramitación do “Convenio de Colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra, Os Concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro e a “Ute Xg-814”, “Ute Xg-817” E “Ute Xg-860” Para a implantación dun Servizo Piloto de Transporte Público Optimizado En 3 Municipios Reto Demográfico (Portas, Moraña e Campo Lameiro) Dentro do Proxecto “+Mobe: Mobilidade Rural, Sostible E Inclusiva En Pontevedra””.



RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedinte co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, A Deputación De Pontevedra, Os Concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro e a “Ute Xg-814”, “Ute Xg-817” E “Ute Xg-860” Para a implantación dun Servizo Piloto de Transporte Público Optimizado En 3 Municipios Reto Demográfico (Portas, Moraña e Campo Lameiro) dentro do proxecto “+Mobe: Mobilidade Rural, Sostible E Inclusiva En Pontevedra”

O texto do convenio figura co CSV: HJV4QLLODFRA9ZFD, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, OS CONCELLOS DE PORTAS, MORAÑA E CAMPO LAMEIRO E A “UTE XG-814”, “UTE XG-817” E “UTE XG-860” PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO PILOTO DE TRANSPORTE PÚBLICO OPTIMIZADO EN 3 MUNICIPIOS RETO DEMOGRÁFICO (PORTAS, MORAÑA E CAMPO LAMEIRO) DENTRO DO PROXECTO “+MOBE: MOBILIDADE RURAL, SOSTIBLE E INCLUSIVA EN PONTEVEDRA”

Santiago de Compostela, de marzo de 2026

REUNIDOS:

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da dita consellería, segundo designación efectuada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia (publicado no Diario Oficial de Galicia número 73, do 14 de abril de 2024).

Don Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, no nome e representación da deputación.

Don Ricardo Martínez Chantada, alcalde do Concello de Portas, no nome e representación do indicado concello.

Don José Luís Gómez Fontenla, alcalde do Concello de Moraña, no nome e representación do indicado concello.

Don Carlos Costa Domínguez, alcalde do Concello de Campo Lameiro, no nome e representación do indicado concello



Don Aurelio Cuiña Souto, actuando en nome e representación de UTE Benito Abalo, S.L.; Empresa Pereira S.L.U.; Exprés de Tabeirós, S.L.U.; Transportes José Núñez Barros, S.A.U. e Autocares Rías Baixas, S.L., (abreviadamente, UTE XG-814) con NIF U01870971, con base en Lugar da Igrexa, núm. 37, Salcedo, 36143, Pontevedra.

Transportes La Unión S.A., Eleuterio López Y Cía S.L., Rías Altas S.A., Autos Arcade S.L., Auto Industrial S.A., La Hispano Igualadina S.L., Vigo Barcelona S.A., Autocares Rías Baixas S.L., Empresa Sanchez, S.L.U., Interurbana De Autocares S.A.U. y Compostelana S.A.U. (abreviadamente, UTE XG-817) con NIF U27515469, con base en Calle Cotón de Arriba, núm. 2, Polígono Louzaneta, 27297, Lugo.

Don Raul José López López, actuando en nome e representación de UTE Empresa Viuda J. Domínguez, S.L.; Transportes La Unión, S.A.; Autos Arcade, S.L.; Castromil, S.A.; Autobuses de Pontevedra, S.A.; Galega de Autocares Gala, S.L.; Autocares Rías Baixas, S.L.; Autocares Meijide, S.L.; Autocares Lázara, S.A.; Empresa Lázara, S.A.; Benito Abalo, S.L.; Exprés de Tabeirós, S.L.U.; Empresa Pereira S.L.U. y Transportes José Núñez Barros, S.A.U., Unión Temporal de Empresas Ley 18/1982. (abreviadamente, UTE XG-860) con NIF U01891837, con base en Calle Cotón de Arriba, núm. 2, Polígono Louzaneta, 27297, Lugo.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar este convenio de colaboración, e para ese efecto.

EXPOÑEN:

1. A Deputación Provincial de Pontevedra, presentou unha solicitude de subvención para o proxecto denominado «+MOBE: Mobilidade Rural Sostible e Inclusiva en Pontevedra», dirixido a mellorar a mobilidade nas zonas rurais da provincia mediante a posta en marcha de novos servizos de transporte público que conecten os concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro coa cidade de Pontevedra, conforme a un modelo sostible, eficiente e inclusivo.

Este proxecto foi presentado ao abeiro da Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a financiar proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, e da súa correspondente convocatoria publicada mediante Extracto da Orde do 27 de xuño de 2024.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico resolveu conceder á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención por importe de 500.000 euros, sobre un investimento total de 555.555,55 euros, no marco da convocatoria de 2024, destinada a entidades locais para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento.

Así, coa fin de dar cumprimento aos obxectivos do proxecto e garantir a súa adecuada execución, se prevé a configuración dun servizo piloto de transporte público optimizado en tres municipios reto demográfico (Portas, Moraña e Campo Lameiro), de carácter temporal, dirixido especificamente a mellorar a mobilidade nas zonas rurais da provincia, dentro do proxecto «+MOBE: Mobilidade Rural, Sostible e Inclusiva en Pontevedra».

2. A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transporte terrestre que se desenvolva integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia.



O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia integra a Dirección Xeral de Mobilidade na estrutura da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Pola súa parte, o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á indicada consellería as competencias na elaboración, a proposta e a execución da política do Goberno galego en materia de mobilidade.

3. A Deputación Provincial de Pontevedra ten competencias propias para prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión, de acordo co disposto no artigo 109 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia e no artigo 36 da Lei de bases do réxime local.

No marco destas competencias, a Deputación subscribinte pode promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público, consonte establece o artigo 74.5 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

4. Os Concellos asinantes son titulares das competencias tanto en materias de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia, e no artigo 25.2.g) da Lei de bases do réxime local. Igualmente, consonte co artigo 72 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, respecto dos tráfico dos seus ámbitos territoriais, os concellos posúen competencias de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción dos servizos de transporte público de persoas de ámbito local.

No marco destas competencias, os concellos subscribintes poden promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público, consonte establece o artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro.

5. A UTE XG-814, é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG814, Centro da comarca do Salnés, concesión que inclúe os tráfico entre os concellos de Portas e Pontevedra, así como os desprazamentos internos dentro de cada termo municipal.

A UTE XG-817, é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG817, Eixo Atlántico e conexións con Lugo, Lalín e Fisterra, con anexos, concesión que inclúe os tráfico entre os concellos de Moraña e Pontevedra, así como os desprazamentos internos dentro de cada termo municipal.

A UTE XG-860, é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG860, Comarca de Tabeirós-Terra de Montes, concesión que inclúe os tráfico entre os concellos de Campo Lameiro e Pontevedra, así como os desprazamentos internos dentro de cada termo municipal.

6. Consonte co que se establece no apartado 3.6.3.3 e 3.6.3.2 dos pregos de condicións polo que rexen as indicadas concesións, prevese a implantación de incremento de servizos por iniciativa de terceiros, e a súa asunción por parte das concesionarias como incremento de servizos pola súa propia iniciativa, incrementos que deberán ser autorizados pola Administración, con expresa referencia aos incrementos que se produzan como consecuencia dos acordos, en forma de convenios, contratos-programa..., que poidan acordar o adxudicatario e outras Administracións Públicas ou entidades do Sector Público para implantar novos servizos que formen parte do obxecto do contrato por desenvolverse sobre as liñas previstas nel ou na súa inmediata proximidade, como é o caso do servizo piloto de transporte público interurbano de carácter temporal obxecto do presente convenio.



De conformidade co exposto, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á execución desta actuación conxunta que permita a implantación desta medida de fomento da mobilidade sostible, inclusiva e de mellora do transporte público nas zonas rurais da provincia, dentro do proxecto «+MOBE: Mobilidade Rural, Sostible e Inclusiva en Pontevedra», para o que as partes subscriben o presente convenio con base nas seguintes:

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as pares asinantes para a implantación dun servizo piloto de transporte público optimizado en 3 municipios reto demográfico (Portas, Moraña e Campo Lameiro), dentro do proxecto «+MOBE: Mobilidade Rural, Sostible e Inclusiva en Pontevedra», coas características recollidas no Anexo I do presente Convenio, e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

Segunda.- Condicións de prestación dos servizos

Con base no presente convenio, e nos termos da letra b) do apartado 3.6.3.3 do prego de condicións polo que rexen as concesións das que son concesionarias as entidades asinantes, impúlsase por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, en colaboración cos concellos asinantes, a implantación dun servizo piloto de transporte público interurbano dirixido a conectar os concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro coa cidade de Pontevedra, que se define no Anexo I, no que se concretan percorridos, expedicións, a desenvolver, e cuxa prestación é asumida polas concesionarias asinantes nos termos da letra b) do apartado 3.6.3.2 do mesmo prego de condicións.

A Deputación Provincial de Pontevedra, promotora do servizo de conformidade coas condicións establecidas no presente convenio, asume o compromiso de aboar ás empresas prestatarias do servizo os custos de explotación. O custe de prestación concertado entre a deputación promotora e as empresas concesionarias reflíctese no Anexo II.

Igualmente, a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá o custo da instalación, adecuación e mantemento dos puntos de parada que se consideren necesarios para a correcta prestación dos servizos obxecto deste convenio, cuxa determinación corresponderá á Comisión de Seguimento prevista neste convenio.

Pola súa parte, recoñecendo o interese que concorre no presente caso, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes autorizará o convenio de colaboración nos termos previstos no Anexo I do presente convenio, para o que procederá á reordenación de servizos con base no establecido na cláusula 3.6.4 do prego de condicións polo que rexe a concesión, e consonte, neste caso, ao que se indica no propio Anexo I. Para tal fin, a Administración Autónoma iniciará de oficio o correspondente procedemento de alteración das condicións de explotación do contrato de concesión por iniciativa do concesionario e, por tanto, coa súa expresa conformidade.

Igualmente, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará coas partes asinantes na liquidación e xestión das contraprestacións que se deriven a favor das empresas concesionarias da prestación do servizo, contraprestacións que asume en todo caso e integramente a Deputación Provincial de Pontevedra. As ditas contraprestacións abonaranse con periodicidade mensual coa particularidade recollida na estipulación cuarta.



Finalmente, os concellos asinantes comprométense a facilitar e, mesmo, desenvolver accións dirixidas á promoción e difusión do servizo, así como a realizar un seguimento da súa prestación, impulsando no seu ámbito de competencias aquelas accións que, se fose o caso, contribúan a unha mellora na súa prestación e no acceso das persoas usuarias ao servizo.

Terceira .- Sistema tarifario

Non se establece sistema tarifario aplicable aos servizos obxecto deste convenio, por canto o servizo estará subvencionado pola Deputación Provincial asinante, asumindo esta o custo íntegro da súa prestación. En consecuencia, o servizo terá carácter plenamente gratuito e non suporá custo ningún para as persoas usuarias.

Os datos de colectas do servizo, e calquera outra información que puidesen derivarse para a concesionaria da prestación do servizo ou relacionados con este, serán remitidas polo prestatario do servizo a través dos sistemas tecnolóxicos establecidos en cada momento para o contrato de concesión.

Cuarta.- Contía, transferencia e liquidación das achegas

A totalidade das achegas que corresponde efectuar á Deputación Provincial asinante por mor da implantación do servizo piloto de transporte público obxecto deste convenio establécense nas contías que se determinan no Anexo III.

A Deputación Provincial promotora dispón do orzamento preciso para o actual exercicio e comprométese a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda.

A Deputación Provincial promotora comprométese a efectuar a transferencia á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes das achegas correspondentes ao período de funcionamento do servizo durante o primeiro exercicio dentro do primeiro mes de posta en marcha do servizo; e en sucesivos exercicios, no primeiro mes do exercicio en curso . Este importe será obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 05.08.512A.470.1 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia ou na que, no seu lugar, lle comunique a Dirección Xeral de Mobilidade.

Asemade, no caso de acordo de prórroga do servizo, a Deputación Provincial ingresará no mes seguinte a aquel no que a dita prórroga se acordase o importe para o resto da anualidade que naquel momento estea en vigor, e o correspondente á/s anualidade/s seguintes/s no mesmo prazo indicado no apartado anterior.

Os concellos asinantes, garantirán o pagamento dos importes comprometidos pola dita deputación no presente convenio de colaboración atendendo á ponderación do custo do servizo de cada liña sobre o custe total comprometido pola deputación comprometéndose a realizar as achegas no prazo dun mes desde que a Dirección Xeral de Mobilidade lle remita a dita comunicación.

As achegas indicadas serán xestionadas pola Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte quen aboará o importe das contías correspondentes ao custe de explotación na prestación do servizo ás empresas concesionarias participantes.

En todo caso, os pagamentos ás empresas concesionarias prestatarias do servizo quedará condicionado á efectiva recepción, por parte da Xunta de Galicia, da achega que corresponde abonar á Deputación Provincial correspondente a cada exercicio. Mentres non se produza o ingreso das devanditas achegas nos termos e prazos establecidos, non se procederá ao aboamento das contías ás



entidades prestatarias do servizo, iniciándose os pagamentos unicamente a partir do momento en que se verifique o devandito ingreso.

De non se efectuar a achega correspondentes no prazo fixado, as partes asumen expresamente que a mesma terá a consideración de débeda firme, líquida e exixible pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar o referido importe das cantidades que lle corresponda aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, ou de calquera outro instrumento análogo que puidese complementalo ou substituílo, consonte co legalmente establecido.

Quinta.- Comisión de Seguimento

Co obxecto de velar polo cumprimento deste convenio e para o tratamento de posibles discrepancias sobre o seu contido e aplicación constitúese unha comisión de seguimento constituída por dúas persoas designadas pola persoa titular da Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte, dúas persoas designadas polos concellos asinantes, dúas persoas designadas pola Deputación Provincial intervinente e dúas persoas designadas por cada unha das UTEs concesionarias participantes.

A presidencia da comisión de seguimento será exercida por unha das persoas designadas pola dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte.

A comisión de seguimento será a encargada do seguimento, interpretación e control do cumprimento deste convenio e asumirá, en particular, as seguintes funcións:

- a) Resolver os problemas que se susciten na interpretación deste convenio.*
- b) Garantir o intercambio de información entre as administracións públicas e a Deputación Provincial de Pontevedra.*
- c) Acordar modificacións nas condicións de prestación do servizo establecidas nos Anexos deste convenio, tales como modificacións de expedicións, calendarios, tempadas, frecuencias, horarios, itinerarios ou paradas, sempre que non supoñan incremento do custo económico derivado da prestación do servizo.*
- d) Acordar as sucesivas prórrogas do presente convenio.*

Todas aquelas funcións que se lle atribúan neste convenio.

Para a validez dos acordos requirirase a presenza de, cando menos, unha persoa en representación de cada unha das partes integrantes da comisión de seguimento, e os ditos acordos serán adoptados por unanimidade dos asistentes. Non obstante o anterior, poderán adoptarse polas Administracións participantes, sen a intervención ou conformidade da concesionaria aqueles acordos que afecten ao exercicio de potestades públicas que lles resulten propias.

A pertenza a esta comisión así como a asistencia ás súas sesións en ningún caso implicarán ningún tipo de retribución nin axudas de custo para as persoas que a integran.

Sexta.- Duración

Este Convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura, aínda que despregará eficacia o día en que comecen a prestarse os servizos indicados no Anexo I, e manterá a súa vixencia ata o 31 de agosto de 2027.

Con anterioridade á finalización do período indicado, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga por un ou varios períodos sucesivos, ata acadar o máximo de catro anos adicionais.



Sétima.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación por mutuo acordo das partes asinantes, mediante a formalización da correspondente addenda segundo o procedemento legalmente establecido.

Para tal efecto, non terán a consideración de modificación do convenio as modificacións nas condicións de prestación do servizo establecidas nos Anexos deste convenio, tales como modificacións de expedicións, calendarios, tempadas, frecuencias, horarios, itinerarios ou paradas, sempre que non supoñan incremento do custo económico derivado da prestación do servizo, que poderán ser acordadas pola Comisión de Seguimento nos termos que se indican na cláusula quinta.

Oitava.- Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase por algunha das seguintes causas de resolución:

- *O transcurso do prazo de vixencia do convenio e, no seu caso, das súas prórrogas*
- *O mutuo acordo dos seus asinantes para a súa extinción ou novación, que deberá ser subscrito por escrito e coas mesmas formalidades que as deste convenio.*
- *O vencemento da concesión do servizo de transporte público regular de persoas por estrada, por calquera causa, das empresas/UTEs participantes indicados na parte expositiva deste convenio.*
- *A súa denuncia por calquera dos seus membros, o que requirirá a previa comunicación ás outras partes asinantes non máis tarde do día 30 de xuño do ano anterior a aquel no que se materializará.*
- *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes ou se o servizo non se presta correctamente consonte ao estipulado. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra, nun determinado prazo, con indicación das obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á persoa que exerza a presidencia da comisión de seguimento do convenio.*

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá comportar a indemnización dos prexuízos causados, se así se previu.

- *Decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.*

En caso de resolución do convenio, todos os dereitos e obrigas nados con anterioridade á extinción deste serán cumpridos polas partes nos termos que acorden, sen prexuízo da liquidación do convenio, nos termos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e no artigo 47.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Asemade, é de aplicación a previsión do apartado 5 do artigo 74 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en



actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público de Galicia. Igualmente, resultarán de aplicación o conxunto de previsións que contén o Anexo do PTPG aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 25 de febreiro de 2021 e a súa modificación aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 21 de xullo de 2022.

Igualmente haberá que estar ao previsto no apartado 3.6.4 dos pregos de condicións polo que rexen as concesións anteriormente referidas, que establece que "Os incrementos de servizo que se establezan, por calquera dos mecanismos indicados neste Prego de Condicións, rexeranse polas condicións reguladas no seu apartado 3.6, tendo en conta, ademais, que nos casos de adaptación da explotación de servizos integrados, será de aplicación o disposto no artigo 80 da Lei 2/2017".

A este convenio non lle será de aplicación a lexislación sobre contratación das administracións públicas, segundo o disposto no apartado 1 do artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Este convenio rexerase polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do convenio, pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décima.- Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia

Décimo primeira.- Derradeira

A posta en marcha do servizo terá lugar na data que acorde a Comisión de Seguimento.

Xunto coa comunicación da data de implantación do servizo, a Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte trasladará á Deputación Provincial de Pontevedra, como promotora do servizo, unha primeira liquidación do custe que lle corresponderá realizar a aquela, con base neste convenio, tendo en conta a data na que se estableza que a dita implantación vaia resultar efectiva.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan este convenio no lugar e data indicado no encabezamento.

ANEXO I: CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

- **XG814 Centro da comarca do Salnés**



Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG81409001	DP:Portas-Pontevedra-Montecelo	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	07:15	08:12	Non	Non
XG81409001	DP:Portas-Pontevedra-Montecelo	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	09:30	10:27	Non	Non
XG81409001	DP:Portas-Pontevedra-Montecelo	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	11:30	12:27	Non	Non
XG81409001	DP:Portas-Pontevedra-Montecelo	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	13:30	14:27	Non	Non

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG81409101	DP:Montecelo-Portas	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	08:15	09:06	Non	Non
XG81409101	DP:Montecelo-Portas	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	10:30	11:21	Non	Non
XG81409101	DP:Montecelo-Portas	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	12:30	13:21	Non	Non
XG81409101	DP:Montecelo-Portas	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	14:30	15:21	Non	Non

• **XG817, Eixo Atlántico e conexións con Lugo, Lalín e Fisterra, con anexos**

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG81711701	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	06:30	07:27	Non	Non
XG81711701	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	10:00	10:57	Non	Non
XG81711701	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	13:30	14:27	Non	Non

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG81711801	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	09:05	10:02	Non	Non
XG81711801	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	12:30	13:27	Non	Non
XG81711801	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	16:00	16:57	Non	Non

• **XG860, Comarca de Tabeirós-Terra de Montes,**

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG86009001	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	08:15	08:59	Non	Non
XG86009001	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	11:40	12:24	Non	Non
XG86009001	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	15:10	15:54	Non	Non

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG86009101	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	07:35	08:19	Non	Non
XG86009101	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	11:00	11:44	Non	Non
XG86009101	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	14:30	15:14	Non	Non



ANEXO II: CÁLCULO DO CUSTO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO

CONCESIÓN	PRORRATEO CUSTE / MES (sen IVE)	CUSTE ANUAL (sen IVE)
XG814	11.476,46 €	137.717,50 €
XG817	8.645,08€	103.741,00 €
XG860	6.407,04€	76.884,50 €
Total	26.528,58 €	318.343,00 €

CONCESIÓN	CUSTE TOTAL(*) (sen IVE)	CUSTE TOTAL EN 2026 (sen IVE)	CUSTE TOTAL EN 2027 (sen IVE)
XG814	206.576,25 €	114.764,58 €	91.811,67 €
XG817	155.611,51 €	86.450,84 €	69.160,67 €
XG860	115.325,75 €	64.070,42 €	51.256,33 €
Total	477.514,51 €	265.285,84 €	212.228,67 €

(*) dende o 1 de marzo de 2026 ao 31 de decembro de 2026 e dende o 1 de xaneiro de 2027 ao 31 de agosto de 2027

ANEXO III: IMPORTE DA ACHEGA QUE CORRESPONDE EFECTUAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

EXERCICIO (*)	MESES CONVENIO	IMPORTE TOTAL
2026	10	265.285,84 €
2027	8	212.228,67 €
Total	18	477.514,51 €

(*) dende o 1 de marzo de 2026 ao 31 de decembro de 2026 e dende o 1 de xaneiro de 2027 ao 31 de agosto de 2027”

- Facultar ao Presidente para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado da presente resolución aos interesados, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, e ao Gabinete da Presidencia.



14.36305.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á COMUNIDADE DE AUGAS DE AS DEVESAS PARA O INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DA CONCESIÓN DA COMUNIDADE” INCLUÍDO NO PROGRAMA +NOVAQUA 2025. (EXPTE. 2025015717)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (Programa +NOVAQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 13.35754 de data 07 de novembro de 2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan +NOVAQUA 2025, por importe de 5.249,56 euros á comunidade de augas de As Devesas co obxecto do financiamento do investimento “renovación da concesión da comunidade” en base a un orzamento polo mesmo importe. Expediente: 2025015717.

Terceiro.- En data, 31/12/2025 dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación (WEB2025087911), oficio da Comunidade de augas de As Devesas, emendado na data 27/02/2026 (WEB2026013028 e WEB2026013119), no que axunta a documentación relativa ao investimento “renovación da concesión da comunidade” e demais documentación xustificativa e solicita o libramento da axuda económica correspondente.

Cuarto.- En data 02/03/2026, o facultativo técnico de Cooperación presta a súa conformidade á xustificación achegada, documento con CSV: PA82FOKS4PP29N4V, facendo constar que “a xustificación dos “Custos das analíticas obrigatorias [...]” non se corresponden coas analíticas incluídas na presentación para a novación. Correspóndense co ano 2022, estando executadas fora do período das actuacións a subvencionar. Polo tanto o importe elixíbel xustificado da subvención será uns – 1.126,06€ do importe elixíbel máximo da concesión das axudas concedidas, o que implica unha execución do 78,54944% do importe inicialmente concedido”

Quinto.- En data 17/03/2026 a Intervención Provincial informa que a aprobación da xustificación require seguir polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos do gasto pola Xunta de Goberno dado que existen informes desfavorables da Intervención provincial de datas 3 de novembro de 2025 (CSV: QNUXWWGJACV2B8NG) e 14 de outubro do 2025 (CSV: OF1FXQSZQV5LJKHV), respecto á modificación de crédito que motivou a concesión das solicitudes en lista de agarda ao abeiro do programa +NOVAQUA 2025 entre as que se atopaba a solicitude presentada pola Comunidade de augas de As Devesas.

Sexto.- Dado que a Comunidade de augas de As Devesas con CIF G56236367, presentou a documentación xustificativa en prazo e forma, e visto que se comprobou e se deu conformidade á mesma, para non prexudicar á entidade beneficiaria da subvención, corresponde o pago de 4.123,50 euros polo recoñecemento extraxudicial de crédito contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025 na que se autorizou e comprometeu o gasto competéndolle á Xunta de Goberno a súa aprobación.



*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación e da intervención provincial de datas 02/03/2026 e 17/03/2026, respectivamente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da obriga e o pagamento da cantidade de 4.123,50 euros a favor da comunidade de augas de As Devesas, con CIF G56236367, ao abeiro do programa +NOVAQUA 2025, contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025, na que se autorizou e comprometeu o gasto.
2. Darlle traslado do presente acordo á Comunidade de augas de As Devesas, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

15.36306.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE GASTOS 26 0008 CORRESPONDENTE AO PROGRAMA +CONVIVIR 2026 (EXPTE.2026006529)

No marco das competencias da área de Acción Comunitaria e atendendo á necesidade de levar a cabo actividades para fomentar o dinamismo asociativo da provincia, co obxectivo de redundar nunha mellora efectiva da calidade de vida veciñal, propónse levar a cabo, durante os anos 2026 e 2027, unhas xornadas de convivencia, lúdico-formativas, destinadas ás comunidades e colectivos veciñais que conforman o tecido asociativo do territorio provincial, co obxecto de permitir a interacción entre persoas do ámbito preferentemente rural, normalmente de idade avanzada e que soen vivir illados, e tamén dirixidas ao público máis novo co obxecto de fomentar desde idades temperás valores como a participación social, promovendo valores educativos e comunitarios dende a infancia, buscando mellorar e satisfacer as relacións e condicións de vida da veciñanza.

Considerando esta necesidade, para levar a cabo a realización de diversas actividades no marco destas xornadas de convivencia e dinamización veciñal, defínense dentro dun proxecto de gasto as necesidades e gastos a satisfacer baixo a denominación conxunta de Programa +CONVIVIR_2026, cun orzamento total de 966.300,36 €.

Considerando o informe proposta do xefe do servizo de Cooperación de data 09 de febreiro de 2026, (CSV: WZCGU5S8TGPJRG1Z (corrixido mediante informe complementario do 03 de marzo de 2026 CSV: 6YG1WYGZC2B0E6CJ)), na que se detallan as accións a realizar, se cuantifica a súa valoración económica e se xustifica adecuadamente a elección dos emprazamentos, a competencia e necesidade do gasto, solicitouse o correspondente documento de retención de crédito polo importe total pendente de execución.



Visto o informe da Intervención Provincial de data 19/02/2026, con CSV: BUTRNDPPXBKVS03A, e a dilixencia complementaria de data 18/03/2026 con CSV: VX9A6XICSVUWLSJV, no que se informa a aprobación do proxecto de gasto, tendo en conta en relación ás observacións formuladas que a natureza das accións do Programa +CONVIVIR 2026 son específicas e distintas a outras actividades levadas a cabo noutras áreas, estímase xustifico e adecuado a realización dos gastos propostos. No proxecto de gasto 26_0008, existe crédito para o gasto da anualidade 2026, quedando crédito retido polos importes que se detallan:

Anualidade	RC	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
2026	12026000038603	26/942.4590.226.06	54.900,00€
	12026000038606	26/942.4590.226.99	20.500,00€
	12026000038609	26/942.4590.227.99	458.875,19€
Suma			534.275,19€

Asemade, no vixente orzamento provincial e dentro do devandito proxecto de gasto realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2027, mediante documentos R.C.FUT polos importes seguintes:

Anualidade	RC	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
2027	12026000058461	26/942.4590.226.06	40.700,00€
	12026000058462	26/942.4590.226.99	11.700,00€
	12026000058463	26/942.4590.227.99	379.625,17€
Suma			432.025,17€

O gasto quedará condicionado á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

“Á vista dos antecedentes expostos, en virtude do disposto na base 16^a.2 das de execución do orzamentos provinciais, así como nos artigos 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, RESOLVO:

- 1. Aprobar o proxecto de gasto 26_0008, correspondente ao Programa +CONVIVIR 2026, co detalle especificado no documento con CSV: 6YG1WYGZC2B0E6CJ.*
- 2. Autorizar o gasto pendente de execución por importe de 534.275,19 euros, con cargo ao proxecto de gasto 26_0008, quedando crédito retido por importe de 54.900,00€ na aplicación orzamentaria 26/942.4590.226.06, 20.500,00€ na 26/942.4590.226.99 e 458.875,19€ na 26/942.4590.227.99 mediante documentos R.C. números 12026000038603, 12026000038606 e 12026000038609 respectivamente. A cantidade restante ata completar o importe proposto para anualidade 2027, 432.025,17€, quedará condicionado á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias. Polo tanto, no*



vixente orzamento provincial, e dentro do devandito proxecto de gasto, realízase previsión futura de retención de crédito de, 40.700,00€ na aplicación orzamentaria 27/942.4590.226.06, 11.700,00€ na 27/942.4590.226.99, e 379.625,17€ na 27/942.4590.227.99, mediante documentos R.C.FUT. número 12026000058461, 12026000058462 e 12026000058463 respectivamente.

3. Darlle traslado da presente resolución, á Intervención provincial e ao Servizo de Cooperación”.

16.36307.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA DRENAXE NA E.P. 5003 A CAÑIZA-ARBO DENDE O P.Q. 9+706 AO 10+116. CONCELLO DE ARBO". (EXPTE. 2026006522)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 5003 A CAÑIZA-ARBO que percorre o termo municipal de Arbo pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 12.352 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reposición do drenaxe, no treito comprendido entre os p.q. 9+706 ao 10+116, sendo este, dun total de 410 metros de lonxitude, que discorre de xeito íntegro polo Concello de Arbo, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira Dona Andrea Otero Otero, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Cañiza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo”, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 290.663,51 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: ZS2XJCBG6PUM7QBZ.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Cañiza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo”

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000041283 por importe de 290.663,51 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: SUG5F6TRAU37BNA7.

Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que conforme ao artigo 20. Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e preciso tramitar a correspondente autorización coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, posto que dende o punto de vista do Patrimonio Cultural, as obras atópanse na zona de protección de elementos catalogados por patrimonio, estando nas inmediacións do Castro do Coto de Mourentán, considerando a natureza da obra, non se afecta a ningún dos elementos patrimoniais. Con data 02/02/2026 recíbese a autorización pertinente (CSV: 5P9Q91HD9UH3WDDS).

Considerando.- Que analizando a afección a rede hídrica, encontramos que unha parte da obra está dentro da franxa de policía dun curso fluvial como é o Río Deva, afluente do río Miño, polo que será necesaria a autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) pertencente o Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico, debido as características da obra, só se mellorará a drenaxe existente sen facer novas aportacións. Con data 07/11/2025 recíbese comunicación da CHMS (CSV: 64GLHQ3GD1VO86DJ) onde nos informan que as actuacións solicitadas están suxeitas ao réxime de declaración responsable. Esta declaración responsable deberá rexistrarse na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A. cun período mínimo de antelación de quince días hábiles antes de iniciar a actuación.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Cañiza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo”, redactado pola enxeñeira Dona Andrea Otero Otero, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 290.663,51 euros IVE engadido. A este proxecto asínóuselle o código CSV: ZS2XJCBG6PUM7QBZ.

17.36308.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO CONTRATO DE PATROCINIO DEPORTIVO DA PROBA CICLISTA "O GRAN CAMIÑO 2026" (EXPTE. 2026003401)

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 36. d) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias: fomentar, promover e difundir o deporte, colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas e calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Co fin de acadar ditos obxectivos, a Deputación de Pontevedra leva a cabo unha serie de actividades de dinamización, de fomento e de promoción do deporte, promovendo servizos e actividades que a institución presta de cara á cidadanía, transmitindo valores e hábitos saudables a través da actividade física e o deporte.



Nesta liña, a Deputación aposta pola celebración de eventos deportivos internacionais de gran relevancia, na que se pode incluír a proba ciclista “O Gran Camiño 2026”.

“O Gran Camiño” é un dos eventos internacionais máis relevante da nosa provincia, acollendo durante varias xornadas ós ciclistas máis importantes do panorama nacional e internacional. Inclúese nos calendarios oficiais de competición tanto da Real Federación Española de Ciclismo, coma da International Cycling Union (ICU), e conta coa participación dos mellores equipos ciclistas do ámbito internacional, xerando coma resultado unha interese mediática e de afeccionados e afeccionadas sen precedentes na nosa comunidade.

En base ao exposto, a xefa do servizo de Deportes, co visto e praxe da deputada delegada, propón mediante providencia de inicio, de data 04/03/26, a contratación do patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional “O Gran Camiño 2026”, coa única empresa que conta cos dereitos en exclusividade da proba, Eze Mosquera Events, S.L. (NIF: B70351341). Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas (CSV: K3QCXUL8J2058S1J) e certificado de exclusividade (CSV: JQ86WS9UABJSC9IY).

Visto que con data 16/03/2026, a Intervención emite documento de retención de crédito número 12026000057471 polo importe de 144.000,00 € con cargo á aplicación 26/340.3410.226.20 do vixente orzamento provincial.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico- administrativas particulares e, con data 06/03/2026, solicita o preceptivo informe a Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 10/03/2026.

Visto que con data 06/03/2026, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 18/03/2026, coas seguintes observacións e recomendacións:

“...A xuízo desta Intervención existen tres valoracións fundamentais a realizar para determinar a adecuación e axeitada valoración económica (determinación do prezo) dun contrato patrocinio. En primeiro lugar, valorar a existencia dun retorno económico substancial e cuantificado que se derive do patrocinio. En segundo lugar, cuantificar o retorno ou valor publicitario equivalente (VPE), isto é, o custe que suporía a contratación con medios publicitarios profesionais para a obtención dun retorno económico equivalente e en terceiro lugar, realizar as actuacións de comprobación da adecuación do prezo proposto aos prezos de mercado. Estes dous últimos (VPE) e valor de mercado deben operar como límites ao prezo fixado para os contratos de patrocinio.

No presente expediente, aínda que a memoria sinala que a valoración das accións se realiza segundo valor de mercado e fixa o custo do patrocinio en 144.000,00 euros, remitíndose ao correspondente anexo desagregado de prestacións e importes, a documentación incorporada non xustifica a metodoloxía empregada para chegar a tales importes, ao non identificarse para cada prestación concreta as tarifas aplicadas, as fontes utilizadas nin os criterios de cálculo seguidos.



Pola súa parte, o informe técnico de VPE calcula un valor equivalente total a partir de impactos estimados en televisión, redes sociais, web e dunha partida de publicidade exterior e soportes LED cualificada como “valor mercado estimado”, concluíndo por iso que a achega provincial queda xustificada. Non obstante, esta Intervención considera que, sen cuestionar a idoneidade do VPE como técnica de valoración, non queda suficientemente acreditada no expediente a súa correcta aplicación nin a trazabilidade do cálculo seguido para verificar a adecuación do prezo proposto ao valor de mercado da concreta contraprestación publicitaria e promocional comprometida.

Para a súa adecuada xustificación debería incorporarse ao expediente unha memoria económica complementaria na que, para cada prestación ou bloque homoxéneo de prestacións, se identifique cando menos: a tarifa ou referencia de mercado aplicada, a súa fonte, a regra de medición empregada así como os criterios de imputación dos valores correspondentes...

Tendo en conta que, con data 20/03/2026, o xefe do Servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado. O procedemento a aplicar é o procedemento negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), sendo este o procedemento ordinario (art. 131.2 LCSP).

Tendo en conta o artigo 26 LCSP, os contratos privados que celebren as Administracións Públicas rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1.^a e 2.^a do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. No que respecta a o seu efectos, modificación e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional “O Gran Camiño 2026”.

O prazo de execución irá desde a sinatura do contrato ata a finalización da proba, que se celebrará entre o 14 e o 18 de abril de 2026.

En caso de cambios nas datas de realización da proba por causas de forza maior, establececese un prazo de duración máximo do contrato ata o 31 de maio de 2026.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 144.000,00 euros.

O valor estimado é de 119.008,26 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: BNXYKYPN724GDPSJ2) e de prescricións técnicas (csv: K3QCXUL8J2058S1J) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 144.000,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.226.20 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra; ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de negociación para adxudicar o referido contrato e dar traslado desta resolución acompañada dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas á empresa EZE MOSQUERA EVENTS, S.L. (CIF B70351341), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

18.36309.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS DOS CASTELOS DE SOBROSO E SOUTOMAIOR E O SEU SERVIZO DE CREATIVIDADES. (EXPTE. 20250022572)

Vista a providencia de inicio do expediente co csv 7A2IQ0MBDP5TZWAQ asinada pola xefa do servizo de Turismo e o pola Directora do servizo de turismo para a contratación do servizo de xestión integral da comunicación e redes sociais dos castelos de Sobroso e Soutomaio e o seu servizo de creatividade. O contrato proposto ten un prazo de duración de 12 meses dende a súa formalización e un orzamento base de licitación de 49.658,88€, 21% de IVE engadido. Xunto coa providencia, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.



Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 22 de xaneiro de 2026, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 27 de xaneiro de 2026 e co csv OC156UO8YL1BS7SH.

Resultando que con data 3 de febreiro de 2026, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando que con data 16 de marzo de 2026 emítese informe de Intervención co csv HHEU9U8K1X4QSME3.

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: U1QY5XGA26FDR9G9) na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto por concorrer as circunstancias do artigo 131.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP).

Considerando o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do Servizo de xestión integral da comunicación e redes sociais dos castelos de Sobroso e Soutomaior e o seu servizo de creatividade.

O prazo de duración será de 12 meses dende a súa formalización, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 49.658,88€. O valor estimado é de 164.161,60€.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: SCT9OJSK4AZVYY3A) e de prescricións técnicas (CSV: T3GQ8912848G31TX) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 49.658m88 euros, de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/433.3360.226.02 (C Soutomaior)	29.920,40 €
2026	26/433.3363.226.02 (C Sobroso)	19.738,48 €

4.- Nomear responsable do contrato a xefa do servizo de Turismo, ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

19.36310.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO, FORMALIZADO COA EMPRESA PRICEWATERHOUSECOOPERS TAX & LEGAL, S.L, QUE REGULA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA, ASESORAMENTO, DEFENSA LETRADA E REPRESENTACIÓN E XUIZO DA DEPUTACIÓN E DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, NO EIDO DE RECURSOS HUMANOS, EMPREGO PÚBLICO E PATRIMONIO (EXPTE. 2024036049)

Na sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o *Acordo Marco para a contratación do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación e xuízo da Deputación de Pontevedra, e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e Patrimonio, a empresa Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L. (CIF: B80909278)*, polos seguintes prezos e valores ofertados:

Prezos unitarios:

- a) Servizos de asistencia e asesoramento xurídicos en materia de recursos humanos, emprego público e Patrimonio.



DESCRICIÓN DO SERVIZO	Prezo unitario OFERTA sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario OFERTA co IVE
1.1. Informes, consultas e escritos de escasa complexidade	85,00 €	17,85 €	102,85 €
1.2. Informes, consultas e escritos de complexidade media	175,00 €	36,75 €	211,75 €
1.3. Informes, consultas e escritos de especial complexidade	250,00 €	52,50 €	302,50 €

b) Servizos de defensa xurídica en procedementos xudiciais.

Tipo de procedementos e actuacións	Prezo unitario OFERTA sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario OFERTA co IVE
Tipo 1.Complexidade baixa	1.100,00 €	231,00 €	1.331,00 €
Tipo 2.Complexidade normal	3.000,00€	630,00 €	3.630,00€
Tipo 3.Complexidade alta	3.100,00€	651,00 €	3.751,00€

c) Recursos e execución de sentenzas:

Tipo de procedementos e actuacións	Prezo unitario OFERTA sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario OFERTA co IVE
Recursos ordinarios no devolutivos (reposición e revisión)	75,00 €	15,75 €	90,75 €



Recursos ordinarios devolutivos (apelación, queixa, suplicación)	400,00 €	84,00 €	484,00 €
Recursos extraordinarios (recurso por infracción procesal, casación, casación para unificación da doutrina, recurso en interese da lei).	300,00 €	63,00 €	363,00 €
Procedementos de execución	300,00 €	63,00 €	363,00 €

A formalización do Acordo Marco realizouse en documento administrativo de data 01 de abril do 2025 e o prazo de duración é de un ano a partir da formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

Con data 12 de febreiro de 2026 os xefes dos servizos xestores, emiten informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos 01 de abril de 2026 ata o 31 de marzo de 2027.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 19 de xaneiro de 2026, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 17 de marzo do 2026, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe dos responsables do Acordo Marco, infórmase favorablemente a proposta da primeira prórroga deste Acordo Marco por unha anualidade, desde o 1 de abril de 2026 ata o 31 de marzo de 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31 de marzo de 2027”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



- Aprobar a primeira prórroga do Acordo Marco para a contratación do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación e xuízo da Deputación de Pontevedra, e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio subscrito coa empresa Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L. (CIF: B80909278), durante o período de 01 de abril de 2026 ata o 31 de marzo de 2027, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (101.000,00 €, co IVE) é para toda a duración da prórroga e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias; 921.9200.226.04, 922.9330.226.04 e 9200.226.04 dos respectivos centros xestores (Recursos Humanos, Contratación e Consorcio Provincial) para as anualidades 2026 e 2027, debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación. Poderá redistribuírse o importe entre as distintas aplicacións en función das necesidades reais, limitado polas dispoñibilidades orzamentarias e respectando o importe total do Acordo Marco.

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

20.36311.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL UTE FIRMES PONTEVEDRA (U-05492525), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DAS “OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (LOTE 2 - ZONA B2)”. (EXPTE.2022017776) (DEVOGARÁN 2026001056)

Por acordo número 3.7582 adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 26 de marzo de 2021 (CSV.- I7XBNPNS4NVBWIEW), acordouse, entre outros asuntos, a “*Adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación para o ano 2021*”. (Núm. Exp. 2020022322).

Dentro deste procedemento aberto e a través do acordo da Xunta de Goberno, número 21.31691, celebrada na súa sesión ordinaria de data 06 de maio de 2022 (CSV.- G9PPN6MHQKY1DR5Y), aprobouse a adxudicación dun Contrato Derivado do Acordo Marco que regula as “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 2 - Zona B2)”. (Exppte.- 2022017776).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil UTE FIRMES PONTEVEDRA (U-05492525) “*Integrada polas empresas GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U. e CANARGA, S.L.*”, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:



EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
UTE FIRMES PONTEVEDRA (U-05.492.525)	35.863,40€	202200095374	13/05/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- ISOV86QRSH2R7TR6), no cal sinala que “(...) *Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procede a liquidación da obra sen variación económica.*”

En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 27/09/2022, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de trinta e cinco mil oitocentos sesenta e tres euros con corenta céntimos (35.863,40 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202200095374 de data 13/05/2022 (...).”

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 4WJW7UZ4YZJXPMZW), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil UTE FIRMES PONTEVEDRA (U-02705978) “*Integrada polas empresas GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U. (B-83341933) e CANARGA, S.L. (B-15360902)*”, dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade.

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Derivado do Acordo Marco que regulou as “*Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 2 - Zona B2)*” (Núm. Expte. 2022017776), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil UTE FIRMES PONTEVEDRA (U-05492525) “*a través das empresas GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U - CANARGA, S.L. (NIF. U-05492525), integrantes de dita UTE*”, por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:



o A constituída pola entidade mercantil UTE FIRMES PONTEVEDRA (U-05.492.525), mediante aval emitido pola entidade ACCELERANT INSURANCE EUROPE “*Certificado de seguro Certificado de Seguro de Caución nº: AYXB-SUR-C2022558904*”, por importe de trinta e cinco mil oitocentos sesenta e tres euros con corenta céntimos (35.863,40 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 13/05/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030610 (*Número de Carta de Pago 202200095374*).

21.36312.- VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 9 DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 9302 XIL-AS COVAS-BARRANTES (CONCELLO DE MEAÑO E RIBADUMIA)” (EXPT. 2024069327)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/03/2025 acordou adxudicar a empresa MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL (NIF B36533537) o contrato da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concello de Meaño e Ribadumia)*”, por un importe de 1.136.031,94 € (IVE engadido), estimándose un prazo de execución de SEIS (6) MESES (CSV: 27QZOYE0FV7RJAS2).

Resultando.- Que con data 28/04/2025 formalizouse a acta de comprobación de replanteo, establecéndose coma data para finalizar a obra o día 28/10/2025 (CSV: MRPSY2ZGI07VBQC8).

Resultando.- Que en data 27/02/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a Certificación núm. 9 ordinaria polo período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2025, por importe de 16.456,93 € (CSV: Z56NHTCIC093ON51B).

Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 9, esta devólvea informada en data 05/03/2026 (CSV: YUXP7ZRG0XGRKNBX) concluíndo que “*Visto o defecto sinalado, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto*”, e facendo constar as seguintes observacións:

“As obras executáronse durante o mes de decembro de 2025 e a expedición da certificación data do 27 de febreiro de 2026, incumprindo o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde (art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público)”.

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a validación da obriga de gasto relativa á certificación núm. 9 da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concello de Meaño e Ribadumia)*”, polo importe bruto de 16.456,93 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL (B36533537)	2026/456.4530.61201.2024	16.456,93 €
	Descontos	
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		457,17 €
Control de calidade (3% PEM licit.)		382,04 €
Total descontos		839,21 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		15.617,72 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

22.36313.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (EXPTES: 2026018317, 2026018844, 2026018907, 2026018908, 2026020416)

a) Vista a relación de operacións con número 2026018317 (CSV: REBRDGAKCB63V92V) que contén 8 operacións por un importe de 35.740,28 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	35.740,28 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	35.740,28 €
...	



b) Vista a relación de operacións con número 2026018844 (CSV: R5274MUPNF4M76UQ), que contén 6 operacións por un importe de 3.334,38 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.334,38 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	3.334,38 €
...	

c) Vista a relación de operacións con número 2026018907 (CSV: RVUVV38BR3A09FJ6), que contén 4 operacións por un importe de 3.460,97 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.460,97 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	3.460,97 €
...	

d) Vista a relación de operacións con número 2026018908 (CSV: RNFP2CPWV5O6C55P) que contén 2 operacións por un importe de 432,12 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	432,12 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	432,12 €
...	



e) Vista a relación de operacións con número 2026020416 (CSV: RO79GO1A9D7LIJZZ) que contén 2 operacións por un importe de 774,75 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	774,75 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	774,75 €

23.36314.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB BVB DO CONCELLO DE PONTEVEDRA DE “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (BALONCESTO)” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26/09/2025. (EXPTE.2025034173)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 11 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025” (acordo 2.35055) e publicadas no BOPPO núm. 73, de 16 de abril de 2025.

Segundo.- En data 19/05/2025 Fernando Aniceto Gallego Otero, en representación do BVB (NIF: G94156056) presenta solicitude para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Baloncesto”, achegando un orzamento da actividade por importe de 65.385,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 26/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 192 de 08 de outubro de 2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025 e no que figura o BVB (NIF: G94156056) e na contía de 1.382,70 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 16/03/2026 o BVB (NIF: G94156056) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida debido a causas alleas á entidade.



Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 17/03/2026 a renuncia presentada polo BVB (NIF: G94156056).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa



aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base o anterior exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo BVB (NIF: G94156056) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.382,70 € para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Baloncesto” (documento co CSV: 8C6BQK5YCI04BHVL).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

24.36315.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CELTA ACADEMY DO CONCELLO DE VIGO DE “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (BALONCESTO)” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26/09/2025. (EXPTE. 2025029103)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 11 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025” (acordo 2.35055) e publicadas no BOPPO núm. 73, de 16 de abril de 2025.

Segundo.- En data 06/05/2025 Manuel Gómez Alonso, en representación do CELTA ACADEMY (NIF: G19972868) presenta solicitude para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Fútbol”, achegando un orzamento da actividade por importe de 67.147,00 €.



Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 26/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 192 de 08 de outubro de 2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025 e no que figura o CELTA ACADEMY (NIF: G19972868) e na contía de 1.524,35 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 17/03/2026 o CELTA ACADEMY (NIF: G19972868) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida por non poder xustificar con facturas o orzamento presentado.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 18/03/2026 a renuncia presentada polo CELTA ACADEMY (NIF: G19972868).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo CELTA ACADEMY (NIF: G19972868) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.524,35 € para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Fútbol” (documento co CSV: BV915DDWOM9VNW34).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

25.36316.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á EFB TERRA DE MONTES DO CONCELLO DE FORCAREI DE “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (FÚTBOL)” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26/09/2025. (EXPTE.2025025639))

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 11 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025” (acordo 2.35055)e publicadas no BOPPO núm. 73, de 16 de abril de 2025.



Segundo.- En data 22/04/2025 Constantino Novoa Cerdeira, en representación da EFB TERRA DE MONTES (NIF: G94093382) presenta solicitude para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Fútbol”, achegando un orzamento da actividade por importe de 17.650,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 26/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 192 de 08 de outubro de 2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025 e no que figura a EFB TERRA DE MONTES (NIF: G94093382) e na contía de 1.189,01 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 17/03/2026 a EFB TERRA DE MONTES (NIF: G94093382) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida por non dispor do logo a Deputación nas equipacións deportivas.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 18/03/2026 a renuncia presentada polo da EFB TERRA DE MONTES (NIF: G94093382)

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola da EFB TERRA DE MONTES (NIF: G94093382) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.189,01 € para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Fútbol” (documento co CSV: KGTCPKSGXEOKNGDT).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

26.36317.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CORDEIRO CF VALGA DE "ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (FÚTBOL) APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26/09/2025. (EXPTE. 2025033857)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 11 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025” (acordo 2.35055) e publicadas no BOPPO núm. 73, de 16 de abril de 2025.



Segundo.- En data 16/05/2025 José Ramón Seco Buceta, en representación do CORDEIRO CF VALGA (NIF: G36108207) presenta solicitude para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Fútbol”, achegando un orzamento da actividade por importe de 10.695,08 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 26/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 192 de 08 de outubro de 2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025 e no que figura o CORDEIRO CF VALGA (NIF: G36108207) e na contía de 1.411,60 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 18/03/2026 o CORDEIRO CF VALGA (NIF: G36108207) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida por non presentar en prazo a documentación a xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 18/03/2026 a renuncia presentada polo CORDEIRO CF VALGA (NIF: G36108207).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACION VECIÑAL E MUSICAL CORAL POLIFONICA DE SANTA COMBA (NIF: G36258689) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 842,00 € para a realización da actividade “Adquisición de vestiario” (documento co CSV:6ANEJR7DPBCEBDLM).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

33.36324.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNICA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CATRO VENTOS, DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS, PARA A “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” APROBADA NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26/12/2025. (EXPEDIENTE. 2025066846)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestiario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.



Segundo.- En data 06 de outubro de 2025 José Manuel Ares Casal, en representación da ASOCIACION CATRO VENTOS (NIF: G94065182) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos musicais” e emenda posterior con data 17 de novembro de 2025, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.020,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACION CATRO VENTOS, do concello de Ponte Caldelas (NIF: G94065182) unha subvención de 459,00 € para “Adquisición de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 03 de febreiro de 2026 e número de rexistro WEB2026006983, a ASOCIACION CATRO VENTOS de Ponte Caldelas, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque finalmente decidiron non realizar a adquisición dos instrumentos musicais.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 04 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACION CATRO VENTOS (NIF: G94065182) documento con CSV: FL55FFC8ZWAPMRDD

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións



públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACION CATRO VENTOS (NIF: G94065182) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 459,00 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos musicais” (documento co CSV: 8VUSGO5OM577IJNM).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



34.36325.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA MUSICAL CULTURAL DEPORTIVA RECREATIVA DA 3ª IDADE O CARBALLO DAS CEN POLAS, DO CONCELLO DE REDONDELA, PARA A “ADQUSIICÓN DE VESTIARIO” APROBADA NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26/12/2025. (EXPEDIENTE. 2025067437)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 08 de outubro de 2025 María Martínez Barros, en representación da ASOC FOLCLORICA MUSICAL CULTURAL DEPORTIVA RECREATIVA DA 3ª IDADE O CARBALLO DAS CEN POLAS (NIF: G94026150) presenta solicitude para “Adquisición de vestuario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.645,67 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOC FOLCLORICA MUSICAL CULTURAL DEPORTIVA RECREATIVA DA 3ª IDADE O CARBALLO DAS CEN POLAS, do concello de Redondela (NIF: G94026150) unha subvención de 740,00 € para “Adquisición de vestuario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 19 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026003059, a ASOC FOLCLORICA MUSICAL CULTURAL DEPORTIVA RECREATIVA DA 3ª IDADE O CARBALLO DAS CEN POLAS de Redondela, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder completar a xustificación coas facturas de 2025.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 04 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC FOLCLORICA MUSICAL CULTURAL DEPORTIVA RECREATIVA DA 3ª IDADE O CARBALLO DAS CEN POLAS (NIF: G94026150) documento con CSV: RFJ1FKHEXGMJXEVZ

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.



É dicir, tanto o desestímulo como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOC FOLCLORICA MUSICAL CULTURAL DEPORTIVA RECREATIVA DA 3ª IDADE O CARBALLO DAS CEN POLAS (NIF:G94026150) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 740,00 € para a realización da actividade “Adquisición de vestiario” (documento co CSV:HLGV9FCVUBLU3UR7).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

35.36326.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CULTURAL XIRONSA DE COIRO, DO CONCELLO DE CAMBADOS, PARA A “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS E VESTIARIO” APROBADA NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26/12/2025. (.EXPEDIENTE. 2025067438)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestiario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 08 de outubro de 2025 Jose Carlos Andrade Camiña, en representación da ASOC CULTURAL XIRONSA (NIF: G36228120) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos e vestiario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.742,54 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOC CULTURAL XIRONSA, do concello de Cambados (NIF: G36228120) unha subvención de 673,60 € para “Adquisición de instrumentos e vestiario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.



Cuarto.- Con data 11 de febreiro de 2026 e número de rexistro WEB2026008787, a ASOC CULTURAL XIRONSA de Cambados, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por falta de liquidez para facer fronte ao investimento antes do vencemento do prazo concedido para a súa xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 04 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC CULTURAL XIRONSA (NIF: G36228120) documento con CSV: UXYGVHFMZVR8Q48S

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións



provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOC CULTURAL XIRONSA (NIF: G36228120) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 673,60 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos e vestuario” (documento co CSV:YSTUPN7YMRJCJ0Z8W).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

36.36327.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á BANDA UNIÓN DE LANTAÑO CONCELLO PORTAS PARA A “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” APROBADA NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26/12/2025. (EXPEDIENTE. 2025067501)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.



Segundo.- En data 09 de outubro de 2025 Carlos Meis Seoane, en representación da BANDA UNION DE LANTAÑO CONCELLO PORTAS (NIF: G94182730) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.579,99€.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á BANDA UNION DE LANTAÑO CONCELLO PORTAS, do concello de Portas (NIF: G94182730) unha subvención de 505,20 € para “Adquisición de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 12 de febreiro de 2026 e número de rexistro WEB2026009183, a BANDA UNION DE LANTAÑO CONCELLO PORTAS de Portas, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por causas de forza maior.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 04 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola BANDA UNION DE LANTAÑO CONCELLO PORTAS (NIF: G94182730) documento con CSV: 4VOJFBCUY40VV5WC.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na



sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola BANDA UNION DE LANTAÑO CONCELLO PORTAS (NIF:G94182730) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 505,20 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos musicais” (documento co CSV:3K744TGU4UBP8E4T).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



37.36328.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO
SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO
PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA”. (EXPTE. 2025081416)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, leva a cabo o programa Provincia Activa para a organización de actividades dirixidas a persoas maiores, xubiladas e pensionistas, a través da impartición de distintos obradoiros, englobados nas temáticas que figuran no catálogo, coa fin de favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia para evitar así o illamento e as situacións de soidade. Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

A execución do programa require de dotación de persoal docente especializado nas materias do catálogo de obradoiros, a xestión de contratación de persoal, a realización de visitas ás instalacións nas que se impartirán, así como visitas para a súa clausura, entre outras tarefas. Para levalas a cabo, esta institución carece de medios humanos e materiais suficientes, polo que é necesario acudir a empresas do sector que posúan a capacidade para realizalas.

A vista de todo o exposto, a Xefa do Servizo de Igualdade coa conformidade da Deputada Delegada, dictou providencia de inicio con data 09/01/2026 (CSV: H0KLD6VJ31JAC6D2), para a contratación do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Provincia Activa*”.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e a memoria xustificativa, e con data 03/02/2026, solicita informe á Secretaría Xeral.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 24/02/2026, informa favorablemente o expediente.

Resultando que con data 25/02/2026 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando que a Intervención, con data 20/03/2026, emite informe favorable, e informa asimesmo que “Na aplicación 26/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte a este gasto. O programa será cofinanciado polas persoas usuarias e pola Deputación correspondendo a cada persoa participante aboar a cantidade fixa de 7,00€ por Obradoiro.”

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: 0CZBJLT5MWX0F4NI), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, encuadrado no tipo previsto no artigo 312 da LCSP correspondente aos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico do contrato determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do



programa Provincia Activa aprobadas por acordo da Xunta de Goberno do 26/12/2025. O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo) de conformidade co previsto no artigo 131.2 da LCSP.

Considerando o artigo 17 da LCSP, que tipifica como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do *Servizo de xestión, desenvolvemento e execución dor programa Provincia Activa* cun orzamento máximo de licitación de 265.921,22 euros e un valor estimado de 1.054.894,08 €

O programa levarase a cabo de conformidade coas condicións establecidas no prego de prescrición técnicas, así como nas bases reguladoras do programa que foron aprobadas pola Xunta de Goberno do día 26/12/2025.

2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: 4JV1CWU3IHU2U5PD), o prego de prescricións técnicas (csv: W73WG55A3ST7R9UW) e o Catálogo de accións formativas con (CSV: 96GUVPC1FEVKPBL) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/231.2311.227.07	265.921,22 €



O contrato será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polos usuarios participantes :

- A persoa participante das accións formativas aboará a cantidade fixa de 7,00 euros por obradoiro.
- A Deputación de Pontevedra achegará a cantidade resultante de descontar do prezo final ofertado por obradoiro o importe pagado polas persoas beneficiarias participantes no obradoiro (7,00 euros/persoa).

4.- Nomear responsable do contrato a Xefa do servizo de Benestar Social ou persoa en que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde o envío do anuncio de licitación a oficina de publicacións da Unión Europea para a súa publicación no DOUE.

38.36329.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS (DEPOVAN) PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE E MOBILIDADE DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA HABITUAL NO ANO 2026 (EXPTE. 2026002540)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 13 de marzo de 2026, mediante acordo núm. 3.36213, aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2026, cuxo texto completo pode consultarse no BOPPO núm. 53, de 18 de marzo de 2026, e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Resultando que tras a aprobación das bases, debemos modificar a base Segunda das mesmas: Entidades Beneficiarias por non axeitarse o informado con anterioridade e polo que vista toda a documentación que obra no expediente núm. 2026002540; vista a dilixencia da Intervención Provincial, de data 25 de marzo de 2026 de conformidade coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e co Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a modificación das bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2026 que anteriormente no parágrafo primeiro da Base Segunda dicía:

“Segunda. Entidades beneficiarias



Poderán adquirir a condición de beneficiarias as asociación e clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos, inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.”

Cando debe quedar redactado o primeiro parágrafo da base Segunda como segue:

“Segunda. Entidades beneficiarias

Poderán adquirir a condición de beneficiarias os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos, con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra...”

39.36330.- DECLARACIÓN DE APOIO A RECONQUISTA DE VIGO COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL (EXPTE. 2026023133)

INTRODUCCIÓN

A Festa da Reconquista da Vila de Vigo constitúe un dos eventos históricos e culturais máis importantes de Galicia. Esta celebración conmemora a expulsión do exército napoleónico da cidade no ano 1809, cando a poboación viguesa conseguiu derrotar ás tropas francesas durante a Guerra da Independencia, convertendo a Vigo na primeira cidade europea en expulsar ao exército napoleónico.

Na actualidade, a Reconquista consolidouse como unha das principais festas históricas do noroeste peninsular e un evento de gran proxección turística. Por este motivo, o presente informe ten como finalidade xustificar o apoio da Deputación de Pontevedra á candidatura da festa para a súa declaración como Festa de Interese Turístico Internacional.

ANTECEDENTES

A Festa da Reconquista celébrase anualmente arredor do 28 de marzo, data na que se conmemora a expulsión do exército francés. Co paso do tempo, converteuse na festa máis emblemática da cidade de Vigo.

Ao longo dos anos, a festa foi gañando relevancia e recoñecemento institucional:

- Festa de Interese Turístico de Galicia (2012)
- Festa de Interese Turístico Nacional (2019)

A CELEBRACIÓN

Durante a celebración da Reconquista, o Casco Vello de Vigo transfórmase nun escenario histórico que recrea a vida do século XIX mediante unha ampla programación cultural.

Entre as actividades principais destacan:

- Representacións teatrais da toma e reconquista da cidade.
- Mercado tradicional con máis de 200 postos de artesanía e gastronomía.
- Actuacións musicais, teatro de rúa e espectáculos culturais.
- Demostracións de oficios tradicionais.
- Actividades educativas e participación de escolares, como a Reconquistiña, desfile infantil que reúne miles de nenos e nenas.



Estas actividades permiten recrear os acontecementos históricos de 1809 e fortalecer o vínculo entre patrimonio histórico, cultura popular e participación cidadá.

IMPACTO TURÍSTICO E SOCIOECONÓMICO

A Reconquista consolidouse como un evento de gran impacto turístico e económico para a cidade de Vigo e a súa área metropolitana.

Segundo datos recentes:

- Máis de 250.000 visitantes na edición de 2025, batendo récords de asistencia.
- Ocupación hoteleira próxima ao 55-60 % durante a celebración.
- Incremento significativo da mobilidade urbana e do uso do transporte público.
- Participación de centos de persoas voluntarias na organización e nas recreacións históricas.

Ademais, o evento xera beneficios directos en diversos sectores:

- Incremento da actividade en hostalería e comercio local.
- Atracción de visitantes procedentes doutras zonas de Galicia, do resto do Estado e do norte de Portugal.
- Promoción do patrimonio cultural e histórico da cidade.

Estes datos confirman o papel da Reconquista como motor económico e turístico da cidade durante a primavera.

APOIO INSTITUCIONAL

A Festa da Reconquista está organizada pola Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello, pero conta con importante respaldo institucional. O apoio da Deputación de Pontevedra contribúe ao impulso e promoción dunha festa que reforza a identidade cultural da provincia e dinamiza o turismo nas Rías Baixas.

CONCLUSIÓN

A Festa da Reconquista reúne numerosas condicións que avalan a súa candidatura como Festa de Interese Turístico Internacional como relevancia histórica, participación cidadá, elevada capacidade de atracción turística, unha ampla programación cultural e etnográfica e unha potencial proxección institucional. Trátase dun dos eventos culturais e turísticos máis salientables de Galicia e da provincia de Pontevedra.

Por estes motivos, a Deputación de Pontevedra apoiará plenamente unha candidatura desta festa para converterse en Festa de Interese Turístico Internacional, xa que elo contribuiría a reforzar a proxección da festa, impulsar o turismo cultural nas Rías Baixas e a consolidar a provincia de Pontevedra como un referente nas recreacións históricas.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Declarar o apoio á Reconquista de Vigo como Festa de Interese Turístico Internacional que contribuirá a ampliar a proxección desta celebración como un referente do turismo cultural nas Rías Baixas e na provincia de Pontevedra.



40.36331.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

41.36332.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

42.36333.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

